# Betanzos e a súa comarca

www.comerciodebetanzos.com

acebe cca

ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

**Xuño de 2010.** Ano XIX / Nº 211. 15.000 exemplares de distribución gratuíta.








**A Campaña de Verán de ACEBE CCA** xa está en marcha.

**Páx. 3**

**ACEBE CCA** ultima os preparativos do proxecto máis ambicioso desta andaina: a **I Feira Empresarial e Comercial de Betanzos (Fec)**

**Páx. 5**
**Especial 19 a 31**


**Redacción:** periodico@comerciodebetanzos.com · **Publicidade:** publicidade@comerciodebetanzos.com
**Acebe:** acebe@comerciodebetanzos.com · 981 77 45 74



**POLICLINICA BETANZOS**

Centro de Especialidades Médicas
Asistencia a todas las Compañías y Mutuas

MEDICINA GENERAL
ENFERMERÍA
ANÁLISIS CLÍNICOS
ALERGOLOGÍA
CIRUGÍA PLÁSTICA Y REPARADORA
DERMATOLOGÍA
PSIQUIATRÍA
FISIOTERAPIA
OBSTETRICIA Y GINECOLOGÍA
OTORRINOLARINGOLOGÍA
PEDIATRÍA
REUMATOLOGÍA
RADIOLOGÍA
TRAUMATOLOGÍA
OFTALMOLOGÍA
MEDICINA INTERNA

HORARIO
Lunes a viernes: de 8,00 a 22,00 h. · Sábados: de 9,00 a 14,00 h.
C/Doctor Fariña, 12 · Bajo · BETANZOS (A Coruña)
Tlf.: 981770500 · Fax: 981770094
pobesalud@pobesalud.es

LICEO INTERNACIONAL AGARIÑO
CAMPAMENTO - TALLER de TEATRO EN INGLES
OBJETIVOS:
981 77 46 67

Gafas de SOL
primeras marcas
DESDE 49€
BRIGANTIUM ÓPTICA
Avda. García Naveira, 15
981 770 152
BETANZOS

editorial

# Un gran ano para ACEBE CCA

O ano 2010 está a ser para os comerciantes e empresarios de Betanzos un gran ano a pesar das dificultades económicas que a todos nos toca vivir nestes tempos.

A directiva de ACEBE CCA está a facer un importante esforzo por devolver a ilusión tanto aos empresarios e comerciantes como aos clientes de Betanzos e da comarca que elixen o comercio e as empresas locais para facer as súas compras.

Comezamos o ano coa entrega dos premios da Campaña de Nadal, continuamos colaborando coa recente organización de MercaBetanzos, acabamos de iniciar a Campaña de Verán na que volveremos a sortear un coche e estamos a piques de facer realidade o noso gran proxecto: a I Feira Comercial e Empresarial de Betanzos que se celebrará os próximos días 5 e 6 de xuño, gracias ao esforzo dos nosos asociados, co apoio económico da Deputación e coa colaboración do Concello de Betanzos e da Xunta. Con este proxecto, no que ACEBE CCA está a poñer toda a súa ilusión, queremos que os betanceiros e visitantes poidan descubrir o enorme potencial, a gran calidade e a excelente imaxe do noso comercio e das nosas empresas.

Será esta unha estupenda oportunidade para darnos a coñecer, como cidade, e como empresarios. A todos cantos se sumaron á iniciativa, o noso agradecemento, e pedirvos un último esforzo para que entre todos sexamos capaces de que a Feira non so sexa unha realidade senón que sexa un gran éxito. Dentro deste esforzo de ACEBE CCA ao longo do ano tivemos a sorte de poder contar coa inestimable colaboración das institucións, da Xunta, da Deputación e do Concello de Betanzos que están a apoiar firmemente as nosas propostas de cara a promocionar o noso comercio e as nosas empresas. E ademais de todas as accións que levamos realizado ata a data... aínda nos queda algunha que outra sorpresa máis...

Betanzos e a súa comarca

**Publicación mensual de distribución gratuíta. 15.000 exemplares. DEPOSITO LEGAL** C-1555 / 92
**EDITA** Asociación de Comerciantes y Empresarios de Betanzos Centro Comercial Abierto (ACEBE CCA).
**DIRECTORES** Raquel Vicente **REDACCION** Rúa Arxentina 1 Telf./Fax: 981 77 45 74 · e-mail: periodico.acebe@telefonica.net · periodico@comerciodebetanzos.com **PUBLICIDADE** José Luis Pariente, Carmen Miragaya **REDACCION** Isabel Souto Medín.
**COLABORADORES neste número** Jesús Ramos, Mª Luisa Pérez, Mercedes Casanova, Ana L.Cortón, Mercedes, Esther López Castro, Esther Beltrán, Sandra Mosquera. **COLABORADORES GRAFICOS** Arume. **REPARTO** Telecarta (Tlf. 617895395)

Betanzos e a súa comarca non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores.

## Enderezos electrónicos:

**Redacción:** periodico@comerciodebetanzos.com
**Publicidade:** publicidade@comerciodebetanzos.com

# IMAXES

## CAL...



**Nova baldeadora para a limpeza diaria.** O Concello ven de completar os servizos de limpeza de rúas cunha nova máquina baldeadora, un vehículo de características especiais que polas súas dimensións pode empregarse tamén nas rúas do casco histórico e cun depósito con capacidade para 1.000 litros. A nova máquina vai completar a limpeza que se realiza a través da barredora limpa rúas.

## ... AREA



**Xardín abandoado.** O Parque situado na Praza Francisco Iglesias presenta este descoidado aspecto no que as malas herbas cubren as plantas ornamentais que se adiviñan por baixo delas. As malezas están ademais, "alimentadas" polos excrementos caninos que se acumulan nesta zona axardinada.



# ACEBE CCA sorteará un Ford Ka na Campaña "Repartimos Ilusión"

*O sorteo realizarase no marco da III Festa do Comercio que se celebrará o sábado 26 de xuño na Praza do Campo.*

REDACCIÓN / Betanzos

Baixo o lema "Repartimos Ilusión", a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) pon en marcha a Campaña de Verán na que se vai sortear un Ford Ka, do concesionario Gonzacar. Na campaña poderán participar os clientes dos comercios e das empresas integrados en ACEBE CCA que realicen as súas compras entre os días 2 e 26 de xuño.

O sorteo realizarase no marco da III Festa do Comercio de Betanzos que se celebrará na noite do sábado 26 de xuño e que estará animada por unha orquestra, aínda sen confirmar, e que será contratada coa colaboración do Concello de Betanzos.



De esq. a dta: Marcial Castro, Xerente de Gonzacar, a Presidenta de ACEBE CCA, Antonia Anido, a Alcaldesa, María Faraldo e Antonio Cortés, Director de Marketing de Gadisa / ARUME

## Sistema de sorteo

Os participantes deberán depositar unha parte da rifa que recibirán nos comercios polas súas compras na urna que se instalará no Campo durante a xornada do día 26 e conservar a outra parte do boleto para reclamar o seu premio no caso de resultar agraciado. Será imprescindible que o portador do boleto gañador estea presente no momento do sorteo.

De non aparecer o número premiado nun prazo de tempo razoable, a organización decidirá a extracción dun novo número. Será imprescindible que a papeleta teña o selo do establemento emisor, do contrario non terá validez.

A iniciativa enmárcase na liña de promoción e incentivo das vendas que ACEBE CCA realiza ao longo do ano. Nesta ocasión colaboran coa Asociación, a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Concello de Betanzos, a Federación Galega de Comercio, Gadisa e Gonzacar.

## Con moita ilusión

Durante o acto de presentación da campaña, a Presidenta de ACEBE CCA, Antonia Anido, destacou a importancia do lema escollido este ano "repartimos ilusión" e fixo fincapé en que esta é unha das premisas da directiva dende o principio: "queremos ilusionar aos clientes e tamén aos comerciantes, en especial en momentos como os que estamos a pasar e que nos afectan tanto a todos", dixo e engadíu que "hai que ser optimistas, e por eso queremos transmitir esa ilusión coa que nós mesmos traballamos".

Tamén interviu no acto a Alcaldesa de Betanzos, que destacou a labor da Asociación en favor da promoción comercial e salientou o acertado da elección do premio.

Tamén falou Marcial Castro, Xerente de Gonzacar, que fixo fincapé no lema e dixo que "a única maneira de saír da crise é traballar, poñer ideas sobre a mesa, ser creativos e traballar con ilusión".

Antonio Cortés, Director de Marketing de Gadisa destacou que o seu grupo aposta polo seu entorno e procura "colaborar en todas as iniciativas que, coma esta, reforzan a oferta comercial e a imaxe de marca do comercio de Betanzos", dixo. Antonia Anido pechou o acto agradecendo a todos os colaboradores da campaña o seu apoio.

No marco da Campaña, ACEBE CCA organiza a Subida aos Caneiros para socios e socias, que será o 31 de xullo. As persoas que queiran inscribirse poden facelo no 981774574 ou por e-mail: acebe@comerciodebetanzos.com












## Bolsas: outro exemplo de deixadez

HENRIQUE DEL RÍO OTERO
CONCELLEIRO DO G.M. DO BNG DE BETANZOS (www.bngbetanzos.org)

Cando cuestionamos a falta de orzamento desde 2008 afirmamos que este documento permitiría ao Concello, entre outras cousas, poñer o seu grao de area contra a crise. O acontecido hai apenas un mes coas bolsas para material escolar que reparte o Concello é un bo exemplo.

O 6 de maio xuntouse o xurado que había de resolver a adxudicación das bolsas de material escolar para o curso 2009-10. Isto amosa xa o grao de previsión do goberno do PP ao aprobar as bolsas para o actual curso cando o mesmo está a piques de rematar. Un feito cuestionable en si mesmo, pero máis aínda de termos presente a coxuntura económica e o destino desas axudas, encamiñadas a pagar os libros de texto xusto o ano en que a Xunta do PP suprime a súa gratuidade.

Pero a maiores desto hai outro indicio máis do desleixo do goberno de María Faraldo neste asunto: cun incremento moi pequeno das solicitudes, un terzo das axudas que cumprían os requisitos quedaron sen cartos por falta de previsión. De 95 solicitudes pasamos a 100 e o goberno local, incapaz de facer un orzamento, foi igualmente incapaz de entender que probablemente a crise fixera medrar a cantidade de solicitudes de bolsas para material escolar e actuar en consecuencia para cubrir a demanda e axudar a soportar a crise aos betanceiros.

Son 27 os estudantes que quedan sen a axuda municipal porque o goberno de María Faraldo non soubo facer os deberes a tempo e reservar cartos abondo para as bolsas de material escolar. Nesa reunión desde o BNG pedimos que se busque unha solución para estas familias e eximos que non se repita o feito de conceder axudas para material escolar cando o curso remata nin que por indolencia do goberno os cartos non abonden.

Iso si, fonte a esta deixadez que afecta directamente a un importante número de veciños, María Faraldo non se privou de estragar algo máis de 3.200 euros en cada unha das seis xardineiras xigantes do Campo. Dedica 3.400 euros ás bolsas de material escolar e case seis veces iso a xeranios. Son as súas prioridades e as do seu goberno.

## Podemos colaborar, y así lo hacemos

XUNTA DIRECTIVA DE CxB
www.cidadansporbetanzos.com

En fechas recientes el Ayuntamiento de Betanzos ingresó la cantidad de 728.528 euros de la indemnización por la modificación del contrato a Eroski, de la concesión que tiene en la zona del Pasatiempo.

Este ingreso extraordinario viene a compensar la no construcción, por parte de la adjudicataria, de un hotel y un espacio sociocultural. En CxB, ya en su día, consideramos la solución que se buscó como acertada, por cuanto la adjudicataria demostró su intención de no construir estos equipamientos, y la indemnización nos permitiría ayudar a sanear la economía municipal en unos momentos difíciles.

En CxB quisimos que este ingreso extraordinario cumpliese el objetivo que nos marcamos cuando aceptamos la modificación contractual pactada con la Alcaldesa. Sanear deudas anteriores. Por eso propusimos en el último Pleno, y así se aprobó, amortizar parte del crédito ICO, aprobado en julio del año pasado, y pagar a todos los proveedores anteriores al año 2010 que están aún pendientes.

Los Organismos internacionales nos han lanzado, a todos los Estados europeos, una seria advertencia para que reduzcamos el déficit y deuda pública para encauzar con realismo nuestras economías. En el Ayuntamiento de Betanzos no podemos vivir de espaldas a esa necesidad que solidariamente debemos afrontar todas las administraciones. La reducción de la deuda nos ayudará a hacer más soportables los próximos años después de liberar parte de la carga financiera, y el pago de todas las deudas con los proveedores aliviará sus necesidades financieras.

Pero además, dicha amortización, va a permitir al Grupo de Gobierno del Ayuntamiento de Betanzos que nos puedan presentar a este Pleno una propuesta de modificación del Plan de Saneamiento que facilite, entre otras, el posible desbloqueo de la problemática laboral a medio plazo.

En Cidadáns por Betanzos pensamos que fue una buena propuesta: ponemos al día nuestras deudas con los proveedores, nos ahorramos intereses, reducimos el gasto corriente para los complicados años que nos tocará gestionar a todas las administraciones, podremos corregir el Plan de Saneamiento, y **sobre todo, transmitimos un ejemplo de austeridad y sensatez en un momento económicamente difícil para todos**.

## Betanzos se mueve. Betanzos avanza

JUNTA DIRECTIVA DEL PARTIDO POPULAR DE BETANZOS

A todas las obras que este gobierno está haciendo en Betanzos se suma ahora, además de la licitación del Club de Piragüismo y el albergue, la depuradora de Roibeira, las obras del Juzgado, la construcción de aceras en Castro y A Angustia (con fondos municipales) además de los trabajos de construcción de vestuarios en los campos de fútbol y los nuevos parques infantiles. Todas ellas se unen a un numerosa lista de proyectos ya ejecutados y que demuestran que Betanzos salió de su letargo a pesar de la crisis. Betanzos se mueve. Betanzos avanza.

En esta legislatura se van a hacer prácticamente las mismas obras que en 22 años de los anteriores gobiernos. 4 años contra 22. Mientras nosotros gobernamos, enfrente hay una oposición machacona que está anclada en la crítica constante: barco, macetas, terrazas… y así siempre, constantemente. A falta de un año para las elecciones recibimos ahora con cierta ilusión las iniciativas presentadas en el último pleno por el PSOE, pese a tratarse de propuestas ya encaminadas por este gobierno local: en cuanto a la pasarela que pidió construir entre Bartolomé Cossio y Avd. Juan García Naveira el proyecto se encuentra en espera del informe de Augas de Galicia; en el caso del bajo de Saavedra Meneses, se había hablado con anterioridad a la propuesta del PSOE con el propietario del mismo y está solicitada una tasación; y en cuanto a mejoras en la pista de skate, el gobierno local ya tenía solicitada una subvención a la Xunta para las obras.

En resumen, más que iniciativas nuevas parece que ahora el PSOE quiere sumarse al carro de lo que está gestionando el equipo de gobierno. De todas formas, bienvenido sea esta nueva etapa si el PSOE abandona definitivamente la época machacona y de crítica al detalle de las obras, más cuando ahora hay muchas más exigencias por parte del gobierno local a las empresas que había en etapas anteriores, reclamando correcciones oportunas como ocurrió con la obras del Campo o Cruz Verde, actuaciones con cargo a la propia empresa. Todo lo contrario a la etapa del ex concejal de Obras y ahora portavoz socialista que o no vigilaba las obras o no andaba por Betanzos. Le invitaríamos a que revisase las suyas y luego compare una etapa con otra.

De todas formas, saludamos este nuevo periodo que parece empezar el PSOE, de oposición constructiva, y esperamos que incluya el aprecio por las obras bien hechas en una política con la que esperamos evitar que ocurran situaciones como las que se producían. Sólo por poner otro ejemplo, en estos momentos se ejecutan unas obras de mejora de las redes de servicios (saneamiento) en la calle Rosalía por no ejecutar correctamente el proyecto en su momento (anterior legislatura). Los vecinos tuvieron que padecer constantes inundaciones en sus garajes. A día de hoy aún están esperando una explicación del ex concejal de Obras y ahora portavoz socialista. Esa es la diferencia de lo cómo se hacían antes las cosas y cómo se hacen ahora.

## Un nuevo Betanzos "si" era posible

AGRUPACIÓN MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE
(www.psoebetanzos.es)

A Alcaldesa e o Partido Popular acudiron ás eleccións municipais do 2007 baixo o lema "Un nuevo Betanzos si es posible" e hai que recoñecerlles que o están a cumprir con creces. Loitando a pulso, e con tesón, déronlle un xiro radical á situación **convertendo rapidamente a Betanzos no Betanzos da desidia e do abandono**.

**O goberno de María Faraldo non investíu nin un so euro en tres anos en zonas como A Ribeira, Saavedra Meneses-Mandeo, Condesa, A Magdalena, As Cascas,..., e, en xeral, en toda a zona rural do municipio**, a pesar de que, grazas aos diversos plans anticrise, contou cuns orzamentos para investimentos como non houbo outros nos dez anos anteriores xuntos. Estas cantidades dilapidáronse, maioritariamente, en caprichos da alcaldesa e en accións sen ningún tipo de coordinación.

Asuntos como a limpeza viaria, o mantemento e renovación do mobiliario urbán, a iluminación das rúas ou o mantemento das zonas verdes **foron esquecidos nos investimentos municipais**.

É inexplicable que aínda non se remataran algunhas obras iniciadas polo anterior goberno local e, mentres a maioría das prazas, como a da Tolerancia, Dona Águeda, ou A Alameda, están nunhas condicións lamentables de mantemento, con mobiliario roto, cheas de lixo e pintadas, **presupostan investimentos millonarios arredor da fonte das catro estacións** nun exemplo claro de falta de goberno e prioridades.

A Ponte de Madeira non se substitúe e, mentres as marxes fluviais do malecón non se limparon en tres anos, **falamos dunha praia fluvial na Acea**.

O lavadoiro das Cascas, símbolo da nosa historia e da nosa cidade, abandonado mentres, a Alcaldesa, noutra ocorrencia mais, anuncia, para o mesmo, actuacións de Jazz ¿...?

# ACEBE CCA presenta a I Feira Empresarial e Comercial de Betanzos

REDACCIÓN / Betanzos

"Hoxe presentamos un soño feito realidade grazas á Deputación da Coruña que non dubidou en ofrecernos o seu apoio e grazas tamén á Xunta e ao Concello que colaboran con nós". Así comezou o discurso da Presidenta de ACEBE CCA, Antonia Anido, na presentación da I Feira Empresarial e Comercial de Betanzos (Fec) que se celebrará os vindeiros 5 e 6 de xuño na zona do Pasatempo.

Anido salientou que este é un evento formulado "con moito cariño, con moito esforzo e moito traballo, e tamén con moita ilusión". A Presidenta do colectivo empresarial destacou que en tempos como os actuais "calquera impulso é moi importante para fortalecer as pequenas e medianas empresas", dixo. Anido recordou tamén que non se trata so dun evento de promoción comercial, empresarial e hostaleiro senón que aspira a converterse tamén nunha alternativa de lecer para a fin de semana, cun completo programa de actividades lúdicas para toda a familia.

A feira contará con 44 stands, de 35 firmas comerciais e empresariais de Betanzos e estarán representados varios dos sectores integrados en ACEBE CCA.

## A primeira pedra

O Deputado Provincial, responsable de Facenda, Antonio Lagares expresou a súa satisfacción "como betanceiro, como consumidor de Betanzos e como político provincial" por poder colaborar con este proxecto. Lagares felicitou a ACEBE CCA, á directiva, aos asociados e aos colaboradores da Feira por facer realidade esta iniciativa e lembrou a colaboración que dende hai anos presta a Deputación a esta entidade.

No tocante ao apoio da Deputación a Fec, Lagares salientou que o organismo provincial aporta algo máis do 67% do presuposto total, que ronda os 38.000 euros, dos que a Deputación aportará 26.000 euros.

A Alcaldesa de Betanzos, María Faraldo, tamén felicitou á Asociación por conseguir facer realidade o proxecto e destacou "o traballo que hai detrás desta iniciativa e agradeceu a ACEBE CCA todo o esforzo que realizan ao longo do ano nas campañas promocionais e na actividade intensa que desenvolven", dixo. Augurou un gran éxito á Feira e subliñou que esta "é a primeira pedra dun futuro, en proxectos como estos o difícil é sacalos adiante a primeira vez, despois as cousas son máis fáciles". Tamén destacou que "de non haber comercios e empresas dispostas a facer o esforzo de acudir á feira esta non sería posible".

Antonia Anido agradeceu o apoio recibido tanto da Deputación como da Xunta e do Concello e animou aos betanceiros e visitantes a acudir os días 5 e 6 de xuño a Feira.



A Presidenta de ACEBE CCA, Antonia Anido, no centro, xunto á Alcaldesa, María Faraldo, e o Deputado Provincial responsable de Facenda e da área económica da Deputación da Coruña, Antonio Lagares







# "Untía e Tiobre", un conto para afondar na historia de Betanzos

REDACCIÓN / Betanzos

Un rumor na cidade: é certo que desapareceu globo? Dise que dous nenos de Betanzos chamados Untía e Tiobre roubaron o globo de Betanzos e marcharon voando. Onde están? Voltarán? Que pasará se non volven?

Este é o punto de partida co que o Concello de Betanzos e a empresa Velloso Gestión Creativa están a desenvolver un programa cultural no que se destacan a importancia patrimonial da cidade e o globo como símbolo de Betanzos.

## Aprender xogando

Os nenos e nenas dos centros escolares de Betanzos, animados por uns renacidos irmáns García Naveira, participan neste programa que lles permitirá coñecer mellor o patrimonio e a historia da localidade, mediante talleres artísticos e emulando a xornalistas no blog www.untiaetiobre.com.

O conto que o programa utiliza como base di que Untía e Tiobre percorrerán 77 cidades antes de voltar a betanzos en agosto, xusto antes das Festas de San Roque. Unha volta que será moi agardada por todos e todas en Betanzos para poder lanzar o globo un ano máis. Unha volta que ten que converterse nunha festa.

O número 77 non é casual, senón que fai referencia ao 77 aniversario do falecemento de Caludino Pita Pandelo, o promotor e principal responsable de que o Globo de Betanzos se eleve cada ano dende 1875 nas festas de San Roque.

Untía e Tiobre van percorrer no aerostato 77 cidades de todo o mundo que gardan algunha relación con Claudino Pita.

O programa busca que os nenos e nenas aprendan xogando as tradicións da cidade, a orixe de Betanzos, a súa historia,... e que se acheguen a persoeiros tan importantes para Betanzos como son os Irmáns García Naveira (que perseguirán a Untía e Tiobre no seu percorrido na procura do Globo) e o propio Claudino Pita. Ademais busca a interrelación das familias e, no fondo, unir ao pobo a través dos nenos, tal e como expresaron os responsables do proxecto.

O programa Untía e Tiobre desenvolverá actividades durante os meses de verán e prepara a festa final coa chegada dos dous nenos e do Globo a Betanzos.



Imaxe que ilustra a campaña e que representa aos nenos Untía e Tiobre no Globo de Betanzos

# A Asociación Xuvenil Brigantium abre a inscrición das actividades de verán

REDACCIÓN / Betanzos

A Asociación Xuvenil Brigantium ten aberto o prazo de inscrición para participar nas actividades de verán que se desenvolverán no mes de xullo na Casa da Xuventude de Betanzos.

Este ano impartiranse Pilates (para adultos); danza Jazz (para nenos e nenas); batuka (para adultos e infantil); psicomotricidade de infantil (a partir de dous anos); G.A.P, tonificación de glúteos, abdome e pernas (para adultos); ximnasia rítmica (a partir de 3 anos); ximnasia rítmica de competición (para federados) e ximnasia deportiva (a partir de 3 anos).

A inscrición estará aberta durante o mes de xuño e as actiaviades comezarán en xullo en horario de mañá. Os días e as horas estableceranse en función da preferencia dos participantes.

## Curso Celga 2

O colectivo xuvenil, en colaboración co Concello de Betanzos acaba de abrir tamén o prazo de inscrición para o Curso de Galego Celga 2, que comezará o luns 20 de setembro e que se impartirá de luns a venres na Casa da Xuventude de Betanzos en horario de 20:30 a 22:30 h.

A inscrición pode facerse na Casa da Xuventude, chamando ao teléfono 981774089 ou no Servizo de Normalización Lingüística do Concello no teléfono 981770100.

## A Arte de Contar

A Asociación Brigantium tamén levará a cabo durante este verán un obradoiro de teatro dirixido a nenos e nenas de entre 6 e 11 anos, durante as mañás do mes de xullo.

Serán clases diarias dunha hora e media de duración na que aprenderán técnicas para crear personaxes, imaxinar historias, representar situacións, decorar un espazo escénico, etc.

Sobre todo trátase dunha actividade que fortalece a capacidade expresiva e lúdica e mellora a creatividade. O obradoiro está coordinado pola actriz e narradora María Inés Cuadrado e comezará o 5 de xullo. A actividade está parcialmente subvencionada pola Consellería de Educación e o prezo é de 10 euros.

Para ter máis información sobre as actividades da Asociación Xuvenil Brigantium poden acudir á Casa da Xuventude de Betanzos ou chamar ao 981774089.





PONGA SUS OPERACIONES INMOBILIARIAS EN MANOS DE PROFESIONALES
API nº 196
Fontela 2000 AGENCIA INMOBILIARIA
✔ COMPRA-VENTA Y ALQUILERES DE:
PISOS - APARTAMENTOS · CHALETS - CASA DE CAMPO. LOCALES COMERCIALES · NEGOCIOS (TRASPASOS). TERRENOS (FINCAS) · SOLARES
✔ HERENCIAS, PARTICIONES, MEDICIONES, VALORACIONES, PERMUTAS, HIPOTECAS
✔ ADMINISTRACIÓN DE FINCAS
CONFIE EN UN AGENTE DE LA PROPIEDAD COLEGIADO
GESTORIA NAVEIRA
ESTAMOS DE SU PARTE Y NOS GUSTAN LAS COSAS BIEN HECHAS
DURANTE TODO EL AÑO LE AYUDAMOS EN:
Vehículos, matriculaciones, transferencias.
Todo tipo de trámites administrativos para su empresa
CONFÍE EN UN GESTOR ADMINISTRATIVO COLEGIADO
SEGUROS
A CORUÑA
C/Alcalde Abad Conde, 1- Bajo, Zona Los Rosales, Telf./Fax: 981 27 02 58, 15001 A Coruña
Avda. Alcalde Pérez Ardá, 51-53B, Tlf.: 981 28 20 73 · 981 18 03 20, Fax: 981 17 75 91, 15009 A Coruña
O Burgo · Culleredo
Avda. Acea da Ma, 6 · Bajo, Frente a Plz. Europa, Telf.: 981 651 717 · Fax: 981 661 826, 15670 Culleredo · A Coruña
Arteixo
Travesía de Arteixo, 353 bajo, Telf./Fax 981 640 868, 15142 Arteixo · A Coruña
Sada
Av. Barrié de la Maza, 58, Telf./Fax 981 622 999, 15160 Sada · A Coruña
Betanzos
Jesús García Naveira, 65 (antes Molino Rojo), Telf./Fax: 981 773 710 · 981 774 900, 15300 Betanzos · A Coruña

INDUSTRIAS CARABEL
CARPINTERÍA DE ALUMINIO · PVC · ACERO INOXIDABLE
TODO TIPO DE TRABAJOS EN ACERO INOXIDABLE Y ALUMINIO SOLDADO
Pasamanos
Puertas de entrada
Portales de finca y garajes
Escaparates
Mobiliario de Hostelería (mesas, encimeras, cocinas, fregaderos indust. etc.)
CORTE · PLEGADO · PUNZONADO DE CHAPA
Camino de Abelares s/n · Las Angustias · Betanzos
Telf. 981 77 29 63 · Fax: 981 77 13 62


El Quinielón de Expert.
¡Participa y gana!
Llévate el televisor de la Selección en Expert y haz tu apuesta para el Mundial.
Si aciertas te devolvemos el dinero
Sólo
1.399€
Samsung LED TV 40"
139,90
10
TIN 0% TAE 0%
LCD TV SERIES
Y llévate
gratis
este LCD Samsung
22"/TDT/HD
SAMSUNG
TURN ON TOMORROW
QUIERO +
10 meses sin intereses
en los productos seleccionados.
TIN 0% TAE 0%
expert
www.expert.es - 902 30 30 35
PATROCINADOR OFICIAL DE LA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL
Electrodomésticos, informática y telefonía.
* Financiación en 10 meses. Tipo de interés nominal anual 0%. TAE 0%. Sujeto a la aprobación por parte de Santander Consumer Finance S.A. Validez hasta el 30/06/2010. Intereses subvencionados por las tiendas Expert.
Para los modelos seleccionados del catálogo. Importe mínimo a financiar 249 €.
ELECTRÓNICA CÉSAR
Calle Ribera, 91 - BETANZOS
Tel: 981 770 873 - www.expert.es
expert

# Ilusión e afán de superación

*O Centro Pai Menni de Betanzos creou hai uns meses un equipo de Baloncesto que compite na liga da Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGA).*

*Os resultados ata o momento non foron de todo satisfactorios para os nove integrantes do grupo, pero a súa gran ilusión, as gañas de traballar e o afán de superación son máis que suficientes para que cada venres as sete rapazas e dous rapaces do equipo acudan con entusiasmo aos adestramentos e agarden con alegría e expectación o seu próximo partido*

ISABEL SOUTO / Betanzos


O equipo de baloncesto do Centro Pai Menni xunto á adestradora, Marta Matos e a monitora de deportes de apoio do centro, Sonia Sánchez

Son sete rapazas e dous rapaces, adestrados por Marta Matos e co apoio da monitora de deportes do Centro Pai Menni, Sonia Sánchez. Xuntos forman o clube de Baloncesto do Centro Pai Menni, creado a principios de ano e que compite na liga do Clube Deportivo da Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGA).

As señas de identidade do equipo son a ilusión e o afán de superación que cada día demostran os nove integrantes do conxunto: Gustavo, Marta, Mª Carmen, Sergio, Carmen, Amparo, Cristina, Begoña e Chus.

A súa andaina na liga comezou o pasado mes de marzo en Viveiro, onde xogaron contra a Asociación ASPANAE; a segunda cita foi o 26 de abril contra a Asociación ASPAS de Santiago de Compostela no Polideportivo de Betanzos. Agora agardan con ilusión o próximo partido que será en Betanzos, en setembro e o remate da liga, en outubro en Santiago.

Os resultados obtidos ata o momento non foron moi bos, pero todos están moi ilusionados co progreso do equipo, os primeiros, os rapaces e rapazas; pero tamén a adestradora, Marta Matos, que está moi implicada co conxunto. Os rapaces e rapazas agardan con moita ilusión cada venres para poder ir adestrar, momento no que todos disfrutan moitísimo.

## [ Con futuro ]

O equipo xurdíu grazas ao apoio do Clube de Baloncesto Santo Domingo de Betanzos que non so lle brindou a súa colaboración ao centro facilitándolles unha adestradora, senón que ademais buscou patrocinador para o conxunto.

Os responsables do Centro Pai Menni agardan que esta iniciativa poida ter continuidade no tempo xa que, tal e como explicaron, "os rapaces e rapazas están moi ilusionados e moi implicados na actividade polo que sería moi interesante seguir mantendo o equipo no futuro".

O Centro Pai Menni é unha institución sen ánimo de lucro que promove a defensa dos dereitos das persoas con discapacidade. A súa laboura céntrase en recordar á sociedade a súa existencia e en loitar por unha xusta atención ás súas necesidades.

O centro conta co apoio de profesionais da psicoloxía, traballadores sociais, enfermeiría, fisioterapia, pastoral e voluntariado.

Ao longo do ano desenvolven diferentes actividades formativas e de lecer nas que participan os usuarios e usuarias do centro e tamén realizan actividades nas que se formenta a convivencia, como a recente celebración da festa na honra do Fundador do centro, San Benito Menni, na que participaron máis de 250 persoas.

éscúa
centro de estudos
PRIMARIA, ESO,
BACHARELATO, CICLOS
e UNIVERSIDADE
INGLÉS - FRANCÉS
CONVERSACIÓN EN INGLÉS
PREPARACIÓN OFICIAL EXAMES
TRINITY CAMBRIDGE-EOI
C/ Rosalía de Castro 24 - baixo
881 10 82 82







oss diseño
Estudio de Interiorismo
oscarsantome.wordpress.com
oss-interiorismo@hotmail.com
607 891 170



## Oza dos Ríos, Calle Lois y Frais: viviendas de dos y tres dormitorios, con cocina amueblada, calefacción, garaje y trastero.

## ACABADOS DE BUENA CALIDAD


C/Lois 11 A,B


C/Lois 11 A,B

Pisos en Oza dos Ríos, de 2 y 3 dormitorios, salón, cocina amueblada, calefacción por suelo radiante, carpintería de aluminio con rotura de puente térmico, doble acristalamiento, suelos de tarima flotante y ceramicos de calidad, ascensor hasta el garaje, trastero.

Posibilidad de Alquiler con opción de compra.


OZA: C/Frais 30

**Oportunidad única**: Ático en Oza dos Ríos, c/Lois 11,B de dos dormitorios, dos cuartos de baño, salón, cocina, 77.92 m2 útiles, con posibilidad de acogerse a beneficios de viviendas de precio tasado.
**75000 € (IVA incluido)**

En Betanzos C/ Castelao


UNICA VIVIENDA BAJO COMERCIAL Plaza Moto



Aproveche para hacer su compra durante el 2010 y podrá desgravar en la declaración de la renta de años sucesivos.
Y si compra antes del mes de julio, no le afectará la subida del IVA.

tolerancia s.l. promociones

**618 830 180**
**639 649 321**

Asesoria Valiño SL
**981 79 25 60**




Miguel Anxo Murado no momento da recollida do galardón

# O Colexio Nosa Señora do Carme acolleu a entrega do Premio Frei Martín Sarmiento

### *A obra gañadora desta sexta edición do certame foi "Fin de século en Palestina", de Miguel Anxo Murado*

**REDACCIÓN / Betanzos**

O pasado 28 de maio, o Salón de Actos do CPR Nosa Señora do Carme-Atocha de Betanzos acolleu o acto de entrega de premios da VI edición do Premio Literario Frei Martín Sarmiento, organizado pola FEREGA (Federación Española de Religiosos de la Enseñanza en Galicia).

Ao acto asistiron alumnos desde Educación Primaria ata Bacharelato, así como adultos vencellados ao colexio. De tres obras preseleccionadas, foron os pais ou colaboradores do centro educativo os encargados de elexir, por votación individual, a obra gañadora.

Nesta edición a obra premiada foi "Fin de século en Palestina" de Miguel Anxo Murado, quen agradeceu o galardón e animou a que nestes tempos de presas quede sempre un anaco para a lectura.

Os finalistas foron Manuel Lourenzo con "O xardín das pedras flotantes" e Inma López Silva con "Memorias de cidades sen luz". O acto estivo presidido polo Secretario de FEREGA, Xosé Francisco Martínez Reboiras e por Esther Balboa Illobre, responsable do Departamento de Innovación Pedagóxica, acompañados pola Directora do centro, Mª del Carmen Cumplido e representantes do Concello e outras institucións. Tralo acto, os asistentes mantiveron un faladoiro cos escritores.

O feito de que o Colexio acolla esta edición dos premios ven dado por ser o centro de FEREGA que máis lectores acadou de toda Galicia, circunstancia que é motivo de orgullo para o equipo de normalización lingüística do centro, tal e como expresaron.

# Uns 400 escolares de Primaria reciben clases de educación viaria impartidas por expertos da Policía Local

**REDACCIÓN / Betanzos**



Escolares brigantinos nunha das clases de seguridade vial que imparte a policía local nos colexios

Uns 400 alumnos e alumnas de Primaria dos colexios Vales Villamarín e Nosa Señora do Carme de Atocha participan nunha campaña de educación viaria que organiza o Concello, a través da Delegación de Tráfico e Seguridade Cidadá. A campaña, impartida por técnicos da Policía Local, busca fomentar hábitos de conducta que leve aos escolares a respetar e cumprir as normas para evitar accidentes e garantir a seguridade.

Os alumnos de segundo aprenden hábitos peatonais, normas para circular pola cidade ou pola estrada, como cruzar a calzada, e recomendacións sobre o comportamento como pasaxeiros de vehículos particulares, autobuses, etc.

Os de cuarto e sexto ademais aprenden cuestións relacionadas coa conducción de bicicletas e cales son os sinais de circulación máis frecuentes.

O curso tamén se imparte no Colexio de Educación Especial Sagrado Corazón, a aqueles usuarios que teñen permitido sair sen coidadores nos seus desprazamentos pola cidade.

## [Prácticas en circuito]

As xornadas contan cunha clase práctica nun circuito do parque móbil da Agrupación de Tráfico. Ao rematar as clases os alumnos reciben carnés e diplomas que acreditan que recibiron esta formación.

Os policías encargados do curso, o Inspector Manuel Seijo, o Oficial Alberto Fernández e o axente Víctor Méndez participarán tamén na semana Cultural do IES As Mariñas impartindo conferencias sobre seguridade vial dirixidas aos alumnos de secundaria.

Como complemento, Cruz Vermella colabora cunha xornada de xogos relacionada coa seguridade vial, impartida polos seus monitores, para reforzar nos escolares os contidos aprendidos.



Imaxe de grupo dos alumnos de Atocha durante a Festa de Gradación

# O alumnado de 2º de Bacharelato de Atocha celebra a súa festa de gradación

**REDACCIÓN / Betanzos**

O alumnado de 2º de Bacharelato do Colexio Nosa Señora do Carme-Atocha de Betanzos, celebrou a súa tradicional festa de gradación, coa presenza de familiares e compañeiros. Trala celebración dunha Eucaristía recibiron os diplomas e as insignias do colexio, nun acto que contou tamén coa presenza da Alcaldesa de Betanzos, María Faraldo.

Para buen café
CAFE CAPITOL
Teléfono 981 77 03 57 Plaza del Campo

OFICINA TECNICA
Arquitecto Técnico
Isidro Doporto Santos
Venezuela 11-13 Ático Izqda. Tfno.: 695 269 485 Fax: 981 774519 | BETANZOS |

MARAN
ROPA DE TRABALLO
EQUIPOS DE PROTECCION
• Hostelería
• Industria
• Servicios
• Peluquería
• Estética
• Ropa de agua
• Calzado de seguridad
• Calzado para agua
• Equipos de protección personal, etc.
GRAN SURTIDO EN DELANTALES Y ZAPATILLAS DE CASA
Avda. Jesús García Naveira, 8 bajo
15.300 BETANZOS (A CORUÑA)
Telf./Fax 981774689




OPORTUNIDAD
INVERSION
FINCA 2.000 M²
VIÑAS-MONTECELO
649.239.488


BEA Y CRIS
BELLEZA
ByCstetic
PELUQUERÍA
TRATAMIENTOS
Fotodepilación
Fotorejuvenecimiento
Hiperpigmentación
Envejecim. de la piel
Rosácea
Rojez
Luz pulsada variable
VPL TM
el sistema más eficaz
Equipo y servicio propio
Tfno: 981 77 13 54
C/Rollo 3 - Bajo Dcha.
15300 Betanzos (A Coruña )


BELLEZA
LA ELIMINACION DEL VELLO
HOMBRE
MUJER
NOSOTROS TAMBIEN LO HACEMOS
PELUQUERÍA
BEA CRIS
BELLEZA
ByCstetic
PELUQUERÍA

# Lar de Unta renova a directiva e prepara novas actividades para o verán

***Un roteiro, a súa tradicional sardiñada e a participación na Feira Medieval son algunhas das súas propostas***

**REDACCIÓN / Betanzos**

A Asociación Cultural e gastronómica "Lar de Unta" de Betanzos acaba de renovar a súa xunta directiva que estará de novo presidida por Leo Antelo.

No cargo de Secretaria estará Ana Tomé; como tesoureiro, Suso García; na Vicepresidencia, Marina Carro. A directiva complétase cun vogal de relacións públicas, José M. Lorenzo; un vogal de cultura e infantil, Isidro Doporto; un de gastronomía, Carlos González; outro para deporte, Fran Fernández; e un vogal de Xuventude, Xurxo Ares.

## [ Calendario de actividades ]

O calendario de actividades para este verán promovido polo colectivo iniciouse o pasado mes de maio co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, no que prepararon unha proxección e unha lectura de poemas na lembranza de Uxío Novoneyra. Este acto, que se celebrou o pasado 22 de maio, completouse cunha cea para os socios no seu local.

O domingo 13 de xuño, o colectivo prepara un roteiro polas terras de Melide, Sobrado e Toques para visitar algúns lugares de interese cultural como son a Ciudadela, a Pena da Moura e o Dolmen da Muruxosa. A excursión rematará cun xantar xunto ao río Furelos no que se organizarán tamén xogos populares para a sobremesa.

O sábado 26 de xuño organizarán a súa tradicional sardiñada no local da Asociación durante a que contarán coa actuación do grupo "Os revirados" de Oza dos Ríos.

O calendario de actividades de "Lar de Unta" completarase coa participación na próxima Feira Medieval os días 9, 10 e 11 de xullo, datas nas que a asociación abre as portas do seu local ao resto dos betanceiros.



Unha imaxe das obras na Rúa Rosalía de Castro para mellorar a rede de saneamento

# O Concello inicia a mellora da rede de saneamento en Rosalía de Castro

**REDACCIÓN / Betanzos**

O Goberno Local comezou as obras de mellora da rede de saneamento na rúa Rosalía de Castro co que, ademais de mellorar os servizos, pretende dar solución aos problemas de filtracións que se producen nos graxes da zona, tal e como explicaron fontes municipais.

A rúa fora acondicionada parcialmente no ano 2007 polo anterior goberno. Naquel momento sustiuíronse as redes de abastecemento e saneamento na marxe esquerda da rúa, tal e como indicaron fontes municipais.

Agora, ante o mal estado das canalizacións da marxe dereita, o Concello decidíu actuar neste tramo no que se van sustituir as canalizacións e executaranse novos pozos de rexistro e acometidas domiciliarias, explicaron.

O voceiro do grupo socialista, Ramón García, acusa ao Concello de mentir sobre a responsabilidade das filtracións: "as obras rematáronse a principios de 2008, baixo o mandato da Alcaldesa, aínda que o proxecto era do goberno anterior, e as filtracións non se produciron ata despois de rematadas as obras xa que ata entón as conducións estaban en perfecto estado de funcionamento", explicou.

# A Casa da Xuventude tramita os Carnets Internacionais cos que se poden obter descontos en viaxes

**REDACCIÓN / Betanzos**

A Casa da Xuventude de Betanzos tramita os diferentes carnets internacionais que permiten conseguir importantes descontos en viaxes, tanto en billetes como en aloxamento de hoteis, en restaurantes, en grandes almacéns, en bares, teatros, cines, concertos, museos ou chamadas telefónicas, entre outros. Os descontos poden chegar ata o 50% dependendo da compra e so son válidos para os establecementos afiliados ao sistema.

Existen varios tipos: Carnet Internacional de Estudante (ISIC), que ademais dos descontos presta servizos de emerxencias legais e médicas; Carnet Internacional de Profesor (ITIC), que ofrece descontos e trato especial a profesores viaxeiros; Carnet Internacional de Xuventude (Go 25), sirve de identificación para aforrar cartos en pasaxes aéreas, eventos culturais, tendas, etc. é para menores de 25 anos; Carnet Internacional de Alberguista (IYHC) permite ás persoas de calquera idade hospedarse en albergues da Federación Internacional de Albergues xuvenís. Existen catro modalidades segundo o grupo de idade. Poden informarse na Casa da Xuventude, no teléfono 981774089.




# Villa Brigantia

## Parque Residencial



El Grupo Base Uno inicia la construcción de este parque residencial como respuesta a la demanda social de un Betanzos en crecimiento. Se sitúa en un emplazamiento privilegiado, llamado a convertirse en la *nueva zona* de expansión y de recreo de Betanzos. Un lugar ideal para vivir con todos los ***servicios*** al alcance de la mano, ***espectaculares vistas*** y un

**parque de 6.000 m²**

Paisajismo de diseño · Jardín de esculturas
Senderos peatonales · Área infantil · Cenador



656 604 015 - 981 77 00 25 www.baseuno.es









**Otras promociones del grupo Base Uno 981 27 31 66**



**EN MARTINETE** Tel. 663 966 826

1 DORM. desde 132.300 €
2 DORM. desde 156.300 €
3 DORM. desde 198.400 €
CON GARAJE Y TRASTERO



**EN SAN AMARO** Tel. 618 811 081

40 VIVIENDAS: apartamentos, áticos y lofts, CON PLAZA DE GARAJE, TRASTERO Y ACABADOS DE ALTA CALIDAD



**EN SANTA CRUZ** Tel. 656 604 015

8 APARTAMENTOS DE 2 DORMITORIOS CON GARAJE Y TRASTERO



**OBRA NUEVA**

CASCO ANTIGUO BETANZOS
¡PARA ENTRAR A VIVIR!
C/. Prateiros, 14



# A Deputación inicia a campaña de adopción de tramos do río Mandeo

### *Máis de 300 asociacións foron convidadas para formar parte da iniciativa que está aberta a calquera colectivo*

**REDACCIÓN / Betanzos**

Baixo o lema "Río Mandeo. Víveo, é teu!" a Deputación da Coruña ven de pór en marcha a campaña de adopción de tramos do Mandeo para fomentar o seu coidado e conservación.

O ente provincial convidou a máis de 300 asociacións a sumarse ao programa que está aberto a todo tipo de colectivos, entidades sociais e escolares, interesados na conservación do medio ambente.

Coa proposta non so se porán en valor as concas do Mandeo, senón que tamén se fomenta o asociacionismo nos municipios polos que transcorre, tal e como explicaron fontes da Deputación.

## [ Accións ]

As principais accións que se van levar a cabo nos vindeiros dous anos en relación co Plan Mandeo, impulsado pola Deputación e apoiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), están relacionadas co restablecemento dos camiños, coa recuperación da flora, coa limpeza das ribeiras e coa inspección e toma de mostras das augas.

Para realizar estas labores con maior eficacia, un grupo de biólogos e de educadores ambientais van impartir unha serie de xornadas de formación para que as persoas interesadas poidan adquirir os coñecementos necesarios para desenvolver as tarefas de voluntariado.

Os adoptantes formarán grupos aos que se lles asignará a custodia dun tramo do río de aproximadamente un kilómetro de lonxitude sobre o que realizarán as tarefas encomendadas.

Durante todo o proceso, os voluntarios contarán co apoio da Deputación da Coruña, dos concellos implicados e tamén co recoñecemento oficial do seu compromiso.

As persoas ou colectivos que estean interesados en formar parte desta iniciativa poden informarse máis polo miudo consultando a páxina web creada pola Deputación para este proxecto: www.riomandeo.com

## Os proxectos para a creación de roteiros de sendeirismo do Plan Mandeo xa están licitados

A Deputación da Coruña acaba de licitar os proxectos para construir roteiros de sendeirismo incluidos no proxecto Mandeo.

En concreto, nos municipios de Sobrado dos Monxes, Curtis e Aranga investiranse algo máis de 370.000 euros en seis rutas; nos municipios de Irixoa, Coirós e Paderne destinaranse máis de 380.000 euros noutras seis rutas; nos concellos de Paderne, Oza dos Ríos, Coirós e Cesuras crearanse cinco roteiros por un importe de case 322.000 euros; en Sobrado, Betanzos, Coirós e Paderne vanse investir 357.000 euros nunha ruta denominada dos Muíños, no balizamento do río Mandeo, no acondicionamento da pasarela a Os Caneiros e noutras obras que se acometerán no nacemento do río Mandeo.

Polas características das sendas, que son de longo percorrido, crearanse servizos como merendeiros, infraestruturas municipais, restauración, museos e puntos de información turística. O prazo de creación das rutas é de catro meses e a inversión ronda o millón e medio de euros.



O Concelleiro de Infraestruturas, Andrés Porcas, cos técnicos da empresa que colocou os paneis

# Os paneis informativos do casco histórico serán "repasados" tralas queixas do Concello

**REDACCIÓN / Betanzos**

A empresa que colocou os paneis de información turística en varios dos monumentos do casco histórico e noutras zonas da cidade revisará todos os indicadores para correxir as deficiencias denunciadas polo Concello.

Algúns dos paneis serán reubicados para reducir o impacto visual que producían, como o colocado nas cercanías da Igrexa de Santa María; outros deberán ser revisados na súa tradución e outros precisan novas anclaxes, en especial os colocados en zonas con desnivel.

Os novos paneis están escritos en castelán, galego e inglés e colocáronse un total de 38 indicadores non so no casco histórico senón tamén noutras zonas como o Lavadoiro das Cascas, na Praza García Irmáns, na Igrexa dos Remedios ou na capela da Magdalena.

A instalación dos paneis enmárcase no Plan de Dinamización Turística promovido polo Consorcio As Mariñas.









# BERTHA
## HOGAR

Especialistas en textil para el hogar

**avenida Jesús García Naveira, 44**



**Confección a medida** **¡¡Es el momento de renovar tus cortinas!!**

**cortinas · visillos · stores · enrollables · paneles japoneses · persianas**



asesoramiento para tus ventanas · talleres de confección propios · servicio a domicilio · instalación y montaje por técnicos propios · financiación 6 meses sin intereses

**Ven a descubrir nuestras colecciones de primavera verano**

**Colchas, plaids, cojines, juegos de cama, toallas, mantelerías, alfombras y mucho más!!**



cama y descanso · mesa · alfombras y complementos · baño · tapicería

www.berthahogar.com

copitecdixital
escaneado
impresión
color a bajo coste
fotocopias
impresión digital
encuadernaciones
ploter
plastificados
servicio fax
material de oficina
planos
981 77 50 69
www.copitecdixital.com

LA CASA DE LAS GORRAS
PAQUETERIA - GRAN SURTIDO EN ZAPATILLAS
LA MAS ANTIGUA DE BETANZOS EN ESTA ESPECIALIDAD.
ABIERTA DESDE EL AÑO 1935
COMUNICAMOS A NUESTROS CLIENTES, QUE LIQUIDAMOS POR JUBILACIÓN
CONSULTE NUESTROS PRECIOS
Plaza de la Constitución, 6 - Tlf. 981 77 21 58 - BETANZOS

CENTRO DE DÍA
CASTELAO
PARA PERSONAS MAYORES
¡¡ TE INVITAMOS A PASAR UN DÍA CON NOSOTROS !!
C/ Mandeo, 35 bajo -BETANZOS · Tel.: 981 77 39 93

XIII FEIRA FRANCA MEDIEVAL
9 - 10 - 11 DE JULIO
ALQUILER Y VENTA DE TRAJES MEDIEVALES
SEÑORA, CABALLERO, NIÑO/A
MARY OTERO
Rúa Traviesa, 34 · BETANZOS
Tlf. 981 77 14 59

## O éxito da Romaría do Viño anima aos organizadores a darlle continuidade

**REDACCIÓN / Betanzos**

Un ano máis o mal tempo acompañou aos colleiteiros e viticultores de Betanzos na celebración da Festa do Viño. A choiva e o vento fixo que nas tres xornadas se rexistrara unha menor afluencia de público da agardada.

A pesar de todo, os organizadores da XXV Festa do Viño de Betanzos están satisfeitos: "vendéronse ao redor duns sete mil litros de viño, menos do que esperabamos, pero non nos podemos queixar porque o tempo non acompañou nada", explicou un dos responsables da organización.

O que si foi un éxito foi a Romería do Viño que este ano se estrenaba como novidade neste evento. Preparada con pouco máis dunha semana de antelación, a proposta gustou non so aos betanceiros senón a xente doutras zonas que acudiron coas familias e amigos ao recinto das pistas polideportivas cubertas do Carregal.



Imaxe dalgúns dos asistentes á Romería organizada no marco da Festa do Viño de Betanzos

Xente de Betanzos, de Coirós, de Pontedeume e da Coruña e doutros lugares do entorno acudiron á festa para a que a organización preparou mesas e sillas nas pistas cubertas do Carregal.

Foron ao redor de duascentas persoas as que se achegaron a esta romería e que levaron de recordo un agasallo conmemorativo: "a verdade é que non agardabamos tanta xente e sorprendeunos gratamente a afluencia de público nesta primeira romería", dixeron dende a Asociación.

O ano que ven repetirán a experiencia preparándoa con máis antelación para darlle tamén unha máis ampla difusión. "A nosa intención é poder facela na zona do Pasatempo, ao aire libre, pero vista a experiencia que temos coa climatoloxía pode ser un atrevemento, en calquera caso, se chove teriamos o recinto onde se fixo este ano", comentan dende a organización.

A asociación de colleiteiros e viticultores contou coa colaboración do Concello para a organización da Festa e co apoio doutras entidades locais. O colectivo inicia agora unha nova andaina da man do seu novo Presidente Antonio Buyo.

## A ACD Vales Villamarín organiza o VIII Torneo Interclases e a exhibición das actividades extraescolares

**REDACCIÓN / Betanzos**

A Agrupación Cultural e Deportiva Vales Villamarín celebrará o próximo sábado 12 de xuño a partir das seis e media da tarde a exhibición dos nenos e nenas que participaron nas actividades extraescolares ao longo do curso.

Cada un na súa especialidade, protagonizarán exercicios de ximnasia rítmica, baile, karate, psicomotricidade e atletismo e tamén haberá unha exhibición de fútbol sala e baloncesto a cargo dos máis pequenos.

Nesta edición, o número de inscritos no VIII Torneo Interclases supera nun 20 por cento á do ano pasado, e haberá ao redor de medio milleiro de participantes.

As competicións en todos os deportes, tanto os individuais como colectivos van ter carácter eliminatorio ao longo dos primeiros días de xuño, agás atletismo e ciclismo, nos que unicamente haberá unha competición que se celebrará na tarde do 12 de xuño.

### Colaboracións

Este torneo, que se ven celebrando dende o ano 2003, forma parte das actividades extraescolares que organiza a Agrupación Deportiva e Cultural Vales Villamarín.

Este ano, ademais, a agrupación conta coa colaboración da Dirección do CEIP Francisco Vales Villamarín, do Concello de Betanzos, do Club Btt Caimanes Betanzos e dunha ducia de pequenos empresarios de Betanzos que, ano tras ano, se implican desinteresadamente coa promoción do deporte e da cultura para os máis pequenos.

## O Concello concedeu durante o ano 2009 un total de 35 licenzas de obras para vivendas no casco histórico

**REDACCIÓN / Betanzos**

O Concello de Betanzos concedeu o ano pasado 35 licenzas de obras no casco histórico. "Un número importante, máis se cabe nesta época de crise económica que afecta de forma especial ao sector inmobiliario", salientou o edil de Urbanismo, José Luis Santos Cobelo.

O concelleiro explicou que tanto os datos do número de licenzas como as consultas realizadas por particulares e as medidas tomadas por distintos propietarios, "as accións encamiñadas polo goberno local en colaboración coa Xunta, os expedentes abertos e o traballo realizado por asociacións como Amigos del Casco Histórico empezan a dar os seus froitos", dixo.

O concelleiro recordou que nas últimas semanas o Concello mantivo novas conversas coa Xunta para ultimar a compra de vivendas no casco histórico para rehabilitar.

# O IES As Mariñas logra o primeiro posto nun certame estatal de formación profesional

***Este é xa o cuarto ano consecutivo no que o centro betanceiro consegue estar nos tres primeiros postos deste campionato***

**REDACCIÓN / Betanzos**

Catro alumnos do Ciclo Superior de Automoción do IES As Mariñas de Betanzos, conseguiron un primeiro e un terceiro postos no concurso estatal "Jóvenes técnicos en Automoción", organizado pola Fundación Comforp na súa sétima edición.

Os alumnos Javier Vázquez García e Sergio García Segade, tutorados polo profesor Manuel Fuentes foron os que conseguiron o máximo galardón na categoría de Vehículos Industriais.

Miguel Basanta Modia e Ismael Seoane Pablo, tutorados polo profesor Miguel Vilela, lograron o terceiro posto na final do concurso, na especialidade de Carrozaría. Como agasallo, os equipos que acadaron o primeiro posto recibirán material formativo para o uso do centro e do seu alumnado así como un premio en metálico.

No campionato, que se celebrou os días 6 e 7 de maio nos talleres da Mercedes-Benz en Madrid, competiron 168 equipos que participaron con máis de 504 persoas entre profesorado e alumnado. Este é o cuarto ano consecutivo que o centro betanceiro logra estar nos tres primeiros postos a nivel estatal neste concurso.

Os alumnos galardoados e os seus tutores foron tamén recibidos pola Alcaldesa María Faraldo no Concello o pasado 20 de maio.

## As prácticas en empresas

Coas clases a piques de rematar os estudantes completan a súa formación práctica en empresas, un complemento aos coñecementos adquiridos durante o ciclo e ademais unha oportunidade para irse adentrando nun mundo laboral que cada día se complica máis: "ata o ano pasado practicamente a totalidade dos alumnos se foron colocando nas empresas nas que fixeron prácticas. Este ano as cousas están algo máis complicadas. Con todo contamos que aproximadamente a metade deles poidan atopar traballo", explicou un dos tutores, Manuel Fuentes.



De esquerda a dereita: José Manuel Vázquez de Manuel Rey Automóviles SA en Betanzos, empresa na que un dos rapaces premiados está a facer as prácticas, os profesores, Manuel Fuentes e Miguel Vilela e os alumnos Javier Vázquez García, Ismael Seoane Pablo, Sergio García Segade e Miguel Basanta Modia

Os alumnos están moi satisfeitos, non so pola experiencia vivida en Madrid, e por lograr manter a categoría e o nivel que o centro demostrara nos últimos catro anos, senón tamén pola oportunidade que se lles presenta de poder achegarse ao que pode ser o seu futuro posto de traballo e que lles brindan as empresas nas que están a poñer en práctica os seus coñecementos: "aínda que cos profesores se aprende moito, a experiencia práctica é moi importante", comentan.

Javier está a facer as prácticas en Manuel Rey Automóviles SA en Betanzos; Sergio, en Volvo Quality Trucks; Miguel en Talleres Julio Alonso e Ismael en Talleres Ford Fernando Blanco. Outras empresas do entorno contribuen á formación destes alumnos como son Louzao Mercedes-Benz, Scagalicia, Neumáticos Guillén, Sánchez Móvil, Iveco Pérez Rumbao e tamén o IES de Vilvalba onde algúns completaron a súa formación.



# O Concello pon en marcha a páxina web hemeroteca virtual de Betanzos

## *Contén máis de 30.000 páxinas e recolle as máis de 70 publicacións periódicas que se conservan no Arquivo*

**REDACCIÓN / Betanzos**

O Concello acaba de pór en marcha a web denominada hemeroteca virtual de Betanzos *hemeroteca.betanzos.net* na que os usuarios poderán consultar todo o fondo de publicacións periódicas que se gardan no Arquivo Municipal.

Trátase dunha páxina de sinxelo manexo na que os usuarios poden acceder a máis de 30.000 páxinas, ademais doutros enlaces con traballos relacionados coa prensa histórica de Betanzos. Periódicos como El Censor, o máis antigo que se conserva, de 1883, estará á disposición de todos os usuarios da web, así como outras 70 publicacións periódicas que se conservan no Arquivo Municipal.

A web foi creada polos responsables do Arquivo, da Biblioteca, do Museo e do Anuario Brigantino, aspecto que a Alcaldesa salientou durante a súa presentación: "ademais do seu traballo diario foron quen de sacar adiante esta páxina, un esforzo que hai que destacar", dixo.

O Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta e o Concello, para a dixitalización de fondos e dotación de equipamento para arquivo e museo municipais asinado en xullo de 2009 permitíu pasar a formato dixital un amplo número de documentos e permitir que agora estean a disposición dos internautas na rede.

# A Asociación de veciños "O Norte" de Infesta prepara as actividades de verán

**REDACCIÓN / Betanzos**

A Asociación de Veciños "O Norte" de Infesta está a preparar o programa de actividades para o verán, algunhas das cales van estar abertas á participación non so dos socios senón tamén de non socios.

A primeira será a viaxe ao Barco de Valdeorras, o 5 de xuño. A saída será ás 9:00 horas do centro social. Os socios deben aboar 30 euros e os non socios 35.

A segunda cita de xuño será o 26, na celebración da Festa do Socio, que comezará ás 21:00 horas. O prezo será de 5 euros por persoa.

En xullo, programan unha viaxe ao Aquapark de Cerceda no que os participantes deberán levar o xantar. En agosto, o día 7, está prevista unha viaxe ao Grove e á Illa de Sálvora. O prezo para socios é de 46 euros e para non socios de 50 euros, no que se inclúe autobús, comida, viaxe en catamarán ata a illa de Sálvora, con guía e degustación a bordo. Por último, o día 4 de setembro celebrarán unha xira aos Caneiros.



Un grupo de nenos e nenas da Asociación O Norte de Infesta ao pé da fervenza do río Belelle

O colectivo realizou en maio unha exposición dos traballos realizados durante o curso nos obradoiros que o Concello e a Asociación organizaron no local social. Tamén celebraron a cea de fin de curso o pasado 28 de maio para os asistentes aos cursos.

Tamén participaron a principios de maio nun roteiro de sendeirismo polo entorno da fervenza do río Belelle.

# A Asociación veciñal e cultural San Martiño prepara a Lumeirada de San Xoán

**REDACCIÓN / Betanzos**

A Asociación Veciñal e Cultural San Martiño está a preparar a súa tradicional Lumeirada de San Xoán, que se celebrará o vindeiro sábado 19 de xuño.

Os responsables do colectivo convidan "a todos os veciños e veciñas de Tiobre e a cantos betanceiros e amigos queiran visitarnos e participar nesta festa na que nos xuntaremos para dar proba ás sardiñas, acompañadas por costela asada e viño", dixeron.

A agrupación ven de participar nunha excursión á Ribeira Sacra que organizaron o pasado 16 de maio e na que o Concello colaborou financiando o transporte. Na viaxe estiveron acompañados por un guía experto que lles explicou historias, anécdotas e segredos dos lugares visitados. San Pedro de Rocas, o mosteiro de San Estebo de Ribas de Sil, o miradoiro de Vilouxe e Vilariñofrío foron algúns dos entornos que visitaron.



Unha imaxe de grupo dos veciños e veciñas que participaron na excursión á Ribeira Sacra, durante a visita ao mosteiro de San Estebo de Ribas de Sil / MARISA GABÍN

Tras xantar en Vilariñofrío visitaron Castro Caldelas e completaron a excursión cunha visita a unha adega da denominación de orixe "Ribeira Sacra", onde degustaron algúns dos seus coñecidos viños.

# A Anpa do Vales Villamarín convoca a asamblea de fin de curso

**REDACCIÓN / Betanzos**

A Anpa Brigantium do Colexio Vales Villamarín convoca aos socios e socias á asamblea xeral que se celebrará o xoves 17 de xuño ás cinco da tarde.

Na orde do día incluiranse cuestións relacionadas cos acontecementos vividos ao longo do curso: a resolución das reclamacións recibidas, a falta de profesorado NAEE, a cesión dos terreos para o novo colexio de infantil, a falta de persoal administrativo, os compromisos adquiridos polo Concello, a masificación do colexio, o plan de autoprotección, o decreto sobre o galego nas aulas, o programa Madrugadores, a xestión do Comedor, as axendas escolares e a planificación de actividades para o seguinte curso, así como o novo sistema de cotas de socio.

Coincidindo co horario da Asamblea, a ANPA Brigantium organizará, dentro do colexio, actividades para os nenos e nenas. Con esta medida facilitarase a asistencia á xuntanza a todas as nais e pais que teñan inquedanzas sobre a problemática que viven os seus fillos e a busca de solucións ás mesmas.

Allianz
CIA. DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA
Jesús Ángel Cadaveira Cadaveira
AGENTE SEGUROS
DLG. Nº 43284
J. Cadaveira Gómez
GESTOR INMOBILIARIO

VENDEMOS
- **APARTAMENTO** a estrenar, 2 hab., 1 baño, cocina amueblada, salón. A estrenar, todo exterior y muy céntrico (opción plaza + trastero).
- **CASA** en casco antiguo. Bajo + 2 plantas. Calle de la Cerca. 48.000 eur.
- **CASA** de aldea en Ambroa de piedra con terreno de 800 m2. a 12 km. Betanzos.
- **PISO**, 3 habit., 2 baños, cocina amueblada, salón, calefacción, trastero, garaje. A estrenar 150.000 eur.
- **CASA** en Guiliade con terreno 1.300m$^2$ por 120.000 eur.
- **PISO** en c/Rollo de 4 habit., 2 baños, cocina amueblada, salón, amplia terraza, calefacción y ascensor. 168.000 eur.
- **APARTAMENTO** céntrico, 2 habit., 2 baños, cocina amueblada, salón, baño, garaje, calefac., nuevo.

ALQUILAMOS
- **APARTAMENTO** 1 habit. 1 baño, cocina, salón amueblado, calefacc. 320 eur Zona, Fonte de Unta.
- **ENTRESUELO** para oficinas con baño. C/Alexandre Bóveda. 230 eur..
- **SE ALQUILA** nave industrial en Betanzos con licencia para taller mecánico y con exposición. 1.050 eur.
- **APARTAMENTO** 1 habit., 1 baño, cocina, salón, amueblado, terraza, garaje y trastero (C/Castelao) 370 eur.
- **APARTAMENTO** nuevo, 1 habitación, 1 baño, cocina, salón, ascensor, amueblado, calefacción, garaje + trastero. 410 eur. (con comunidad). Zona La Feria Ganado.
- **PISO** 3 habit, 2 baños, cocina, salón, acensor, calefacción, mueblado. 420 eur. (Zona Bella Vista).
- **ENTRESUELO** de 55 m2 en Avd. Jesús García Naveira para oficinas. Muy céntrico. 300 eur.
- **PISO** de 3 habitaciones, 1 baño, cocina, salón, amueblado, con zona biblioteca. 360 eur. con comunidad.

* Precios válidos, salvo error tipográfico

C/ E. Pardo Bazán, s/n - 15300 BETANZOS
E-Mail: cadaveira.cadaveira.pa@allianz.es
Telf.: 981 770 352 · Telf./Fax: 981 770 370
Móvil: 639 747 434

TALLERES BRIGANTIUM
MECÁNICA DEL AUTOMÓVIL ☎ 981 79 70 12
- ALINEADO DE DIRECCIÓN
- LIMPIEZA DE INYECCIÓN CON MÁQUINA
- REVISIÓN Y CAMBIO DE ACEITE
- CAMBIO Y EQUILIBRADO DE NEUMÁTICOS
- CONTINENTAL · MICHELIN ,...
- CARGA DE AIRE ACONDICIONADO
- AMORTIGUADORES
- PASTILLAS DE FRENO
- SILENCIOSOS
- REVISIÓN PRE - ITV

NOS ENCARGAMOS DE LLEVAR EL VEHICULO A LA I.T.V.
Paseo Ramón Beade 6 B (El Muelle) BETANZOS
Telf. 981 79 70 12 · Fax 981 79 72 27 · Móvil 606 98 33 83
TBRIGANTIUM@terra.es


I feira empresarial e comercial
fec
5e6dexuño
betanzos2010
zona:OPASATEMPO
acebe!cca
Organiza
DEPUTACION DA CORUÑA
Financia
XUNTA DE GALICIA
Concello de Betanzos
Colaboran



Xunta Directiva de ACEBE CCA / Foto: ARUME

# [ A ILUSIÓN FEITA REALIDADE ]

Cando hai uns meses comezaba a tomar forma a idea de organizar unha Feira Empresarial e Comercial en Betanzos, non podiamos imaxinar que, certamente, o proxecto puidese sair adiante e converterse nunha realidade. Moitos, ata por veces tamén nós mesmos, dubidamos das nosas posibilidades.

As dificultades eran moitas, principalmente as económicas, pero tamén as tarefas organizativas semellaban superar as nosas capacidades. Con todo, a gran ilusión e as gañas de traballar foron quen de servir de apoio para buscar solucións a todos os atrancos que ían xurdindo.

O empeño que toda a directiva de ACEBE CCA puxo nesta Feira Empresarial e Comercial de Betanzos fixo que, entre todos, fosemos capaces de perfilar aquela idea inicial, darlle forma, engadirlle detalles e convertelo nun proxecto sólido. A súa envergadura e o gran custe económico constituían un importante escollo que tamén fomos quen de superar.

As xestións perante as administracións tardaron en dar froitos, pero finalmente, a Deputación da Coruña apostou polo noso proxecto e co seu apoio económico o camiño estaba aberto para poder converter en realidade a nosa ilusión. A colaboración do Concello de Betanzos facilitou tamén a posta en marcha da iniciativa coa adecuación dos terreos, o apoio na seguridade e a prestación de servizos esenciais como a iluminación ou o abastecemento de auga.

> Queremos tamén que aqueles que non coñecen a cidade poidan gozar dela nestes dous días

O traballo coordenado entre a directiva de ACEBE CCA e o persoal da asociación foi poñendo cada cousa no seu sitio para que a Feira que agora presentamos resulte tal e como a concebimos. Nin que dicir ten que o traballo foi moi duro, foron moitas horas de reunións, de tomar decisións, de buscar apoios, de contactar con diferentes entidades, de pensar en todos e cada un dos detalles.

Non podemos esquecer o noso agradecemento aos asociados e asociadas que se embarcaron nesta aventura, a todos e a todas moitas grazas por permitir que a nosa Feira Empresarial e Comercial sexa unha ilusión feita realidade.

Seguramente esta primeira edición da Feira Empresarial e Comercial (Fec) terá defectos, haberá cousas que se poderían ter feito mellor, pero que ninguén dubide que o traballo realizado se fixo coa mellor das intencións e coa maior das ilusións.

A nosa intención é que Fec Betanzos sexa o gran escaparate do noso comercio e das nosas empresas. Que permita aos nosos empresarios e comerciantes ir máis aló dos límites do local e amosar o enorme potencial e a riqueza comercial e empresarial de Betanzos, da que todos nós nos sentimos orgullosos.

Queremos tamén que aqueles que non coñecen a cidade poidan gozar dela nestes dous días, que se acheguen ao recinto feiral, que participen das nosas actividades e que visiten Betanzos, que coñezan e se marabillen co patrimonio natural, cultural e artístico da cidade.







DESARROLLA
PROYECTOS INTEGRALES
DESCÚBRENOS EN AVDA. CASTILLA 30-32 BAJO Y
en la zona 2, stand 26 de la fec de Betanzos

# [ Un Gran ESCAPARATE ]

A primeira Feira Empresarial e Comercial de Betanzos (Fec) nace froito do compromiso da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) coa promoción dos comercios e empresas da localidade integrados no colectivo.

A Feira constitue o perfecto escaparate para a difusión das empresas e comercios de Betanzos máis aló das fronteiras locais, ampliando o horizonte de promoción cara outras localidades e incrementando as oportunidades de negocio dos participantes.

ACEBE CCA integra a case 250 empresarios que abarcan un amplo abano de actividades e dan proba da ampla oferta comercial, empresarial e hostaleira da cidade.

Betanzos ofrece servizos de moi diversa índole cubrindo a case totalidade das necesidades de consumo da poboación da cidade e do entorno.

En Betanzos conviven dende o comercio máis tradicional, con varias décadas de antigüidade, ata as modernas empresas que centran o seu negocio nas novas tecnoloxías.

As boas comunicacións entre a cidade e os concellos da Comarca e da área metropolitana da Coruña constitúen unha das grandes vantaxes para o pequeno comercio e as empresas locais; pero tamén está precisamente na cercanía a grandes áreas comerciais un dos grandes problemas que ameaza ao sector.

É por iso que a participación nunha feira como esta que agora presentamos, permite aos comercios e empresas locais darse a coñecer dentro e fóra da vila, serve para que os de aquí poidan coñecer e pronfudar na ampla oferta do noso comercio e das nosas empresas; e para que os que non son de aquí se acheguen ao coñecemento do noso completo tecido comercial e empresarial.

Fec Betanzos contará este ano con 44 stands nos que haberá unha representación de varios dos sectores integrados en ACEBE CCA: comercial, florería, perruquería, hostalería, alimentación, mobiliario, construción, automoción e maquinaria.

So unha pequena mostra do moitísimo que ten que ofrecer Betanzos.

# EMPRESAS
## participantes na Feira

### Sector Comercial
FINITA CARAMÉS
GRAF
GRAF SYSTEMS
FREESIA
CUPLÉ
TROULA
LA VACA
COMERCIAL SUSO
OFIBREA
FLORES MARIANO
DEVAGAXE

### Alimentación
PANADERÍA MERCEDES
CASA DO QUEIXO

### Perruquerías
PELUQUERÍA ONDA
PELOMANÍA

### Hostalería
CAFETERÍA MILENIUM
VERSALLES

### Mobiliario
MARIANO DECORACIÓN
CASANTIGA
MUEBLES DE COCINA AS MARIÑAS
COCINAS Y BAÑOS VERT

### Construción
CLIMATIZA
DESARROLLA, PROYECTOS INTEGRALES
MEILÁN
INSOLCLIMA
RODECOR
ELECTRICIDAD CHECHÉ
VENTANAS GRATACÓS

### Automoción
TALLERES MACEIRAS
TALLERES MYR
GRUAS Y AUTOVENTAS
TALLERES CACHAZA
GASOLEOS ABEGONDO
GONZACAR

### Maquinaria
AGRAFER







Dende sempre
os mellores prezos
do teu Ford
Ford
Gonzacar
Unha rede ó seu servizo
Ferrol
A Coruña
Betanzos
Carballo
Santiago
Ribeira
Unha rede ó seu servizo
MONDEO
Kuga
www.gonzacar.com
Paseo Ramón Beade 6 A - 15300 Betanzos (A Coruña)
Email: ventasbetanzos@gonzacar.es
981 105 450


GRAF SYSTEMS
GRAF
¿Quieres un regalo?
Ven al fec a coger el tuyo, días 5 y 6 de Junio.


zona 1
automociónemaquinaria
hostaleríaealimentación
1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
25
29
32


Vert
COCINAS Y BAÑOS VERT, S.L.
Calle Venezuela, 22 bajo
Telf. y Fax 981 77 48 53
15300 BETANZOS (A Coruña)
SANTOS
Estamos en la zona 2, stand 22 de la fec de Betanzos







# EMPRESAS
## participantes na fec

### Sector Comercial
FINITA CARAMÉS [Stand 6]
GRAF [Stand 1]
GRAF SYSTEMS [Stand 2]
FREESIA [Stand 8]
CUPLÉ [Stand 3]
TROULA [Stand 11]
LA VACA [Stand 5]
COMERCIAL SUSO [Stand 34]
OFIBREA [Stand 9]
FLORES MARIANO [Stand 30]
DEVAGAXE [Stand 32]

### Alimentación
PANADERÍA MERCEDES [Stand 19]
CASA DO QUEIXO [Stand 21]

### Perruquerías
PELUQUERÍA ONDA [Stand 12]
PELOMANÍA [Stand 4]

### Hostalería
CAFETERÍA MILENIUM [Stand 20]
VERSALLES [Stand 18]

### Mobiliario
MARIANO DECORACIÓN [Stand 33]
CASANTIGA [Stand 10]
MUEBLES DE COCINA
AS MARIÑAS [Stand 24]
COCINAS Y BAÑOS VERT [Stand 22]

### Construción
CLIMATIZA [Stand 23]
DESARROLLA, PROYECTOS
INTEGRALES [Stand 26]
MEILÁN [Stand 29]
INSOLCLIMA [Stand 25]
RODECOR [Stand 32]
ELECTRICIDAD CHECHÉ [Stand 28]
VENTANAS GRATACÓS [Stand 31]

### Automoción
TALLERES MACEIRAS [Stand 15]
TALLERES MYR [Stand 7]
GRUAS Y AUTOVENTAS [Stand 17]
TALLERES CACHAZA [Stand 14]
GASOLEOS ABEGONDO [Stand 27]
GONZACAR [Stand 13]

### Maquinaria
AGRAFER [Stand 16]









**fec** Betanzos 5-6 de xuño

# ORGANIZACIÓN

A Feira Empresarial e Comercial de Betanzos (Fec) celebrarase os días **5 e 6 de xuño** en dúas parcelas ubicadas na zona do Carregal.

A feira permanecerá aberta durante as dúas xornadas en horario ininterrompido dende as 11:00 horas ata as 21:00 horas. O espazo adicado á exposición ocupa unha finca de **9.000 metros cadrados** na que se instalarán **dez carpas** que albergarán os **44 stands** que acuden a esta primeira edición de **Fec Betanzos**.

A parcela estará repartida en cinco zonas, unha adicada ao sector **comercial**, outra para a **automoción** e **maquinaria**, unha para **hostalería** e **alimentación**, outra para o sector de empresa e unha última zona na que se desenvolverán algunhas das actividades do programa.

O recinto feiral estará vaiado e terá dúas entradas de acceso, nunha delas estará instalado o punto de información de **ACEBE CCA** que utilizará un dos baúles veroneses que o Concello cedeu ao colectivo para o seu uso durante os días que dure o evento.

A segunda parcela, duns **5.000 metros cadrados**, estará destinada ao desenvolvemento de varias das actividades do programa e acollerá as atraccións e os inchables, entre outros elementos.

O Concello de Betanzos realizou as xestións precisas para que os propietarios dos terreos os cedesen a ACEBE CCA para a celebración da Feira. Ademais, foi o Goberno Local o que se ocupou de acondicionar as fincas para que estivesen en perfectas condicións para o desenvolvemento do evento.

ACEBE CCA contratou un servizo de seguridade privado que abarcará dende a noite do 3 de xuño ata a mañá do 7 coa finalidade de asegurar tanto o bo desenvolvemento da feira como a conservación dos elementos e mercadorías do recinto feiral. Como complemento ás labouras de seguridade, o Concello ofreceu a colaboración de Protección Civil e tamén Cruz Vermella disporá no recinto unha ambulancia por se se presentase algunha emerxencia. ACEBE CCA disporá de azafatas que se ocuparán de repartir material promocional da Asociación e ás que o público e os expositores se poderán dirixir para consultar calquera dúbida que poida xurdir durante o desenvolvemento da feira.







Meilán
calefacción y fontanería
ferretería
Calefacción Meilán S.L.
Avda. De Castilla 4-6 • Rotonda de las Cascas 1
Tel.: 981 772 774 • 981 772 658
Betanzos
Suministros Meilán
Avda. De Castilla 4-6
Tel./Fax: 981 772 658
Betanzos
Ferretería J. Miramontes
Rotonda de las Cascas 1
Tel.: 981 772 774
Fax: 981 776 480
Betanzos
Estamos en la zona 2, stand 29 de la fec de Betanzos

e a súa comarca
BETANZOS
981 77 45 74
BC
periodico.acebe@telefonica.net
publicidade.acebe@telefonica.net
www.comerciodebetanzos.com

fec Betanzos 5-6 de xuño

# MOITO QUE FACER

A Feira Empresarial e Comercial de Betanzos (Fec) non so se concibe como unha excelente plataforma de promoción comercial e empresarial, senón que tamén se formula como unha boa alternativa de lecer para a fin de semana, de xeito que, ademais de visitar os diferentes stands das empresas e dos comercios que participan na feira, os visitantes poderán elexir entre distintas opcións de ocio ao longo das dúas xornadas.

Todo ubicado nun entorno con boas comunicacións e que dispón de amplas zonas de estacionamento gratuito.

## Onde comer e tomar algo

O espazo reservado para a hostalería e a alimentación, no que se instalarán **Casa do Queixo**, **Cafetería Millenium**, **Vinoteca Versalles**, e unha **pulpeira** permitirán aos visitantes que o desexen quedarse a xantar ou a merendar no propio recinto feiral ou simplemente tomar algo: refrescos, cervexa, viño,...

Casa do Queixo, ofrecerá degustacións gratuitas de viño, queixo e embutidos no marco dunha cociña antiga que montarán para a ocasión.

Na pulpeira, ademais de polbo haberá tamén churrasco. O stand de Vinoteca Versalles disporá de refrescos, cervexa e viño. O de Cafetería Millenium ofrecerá servizo de bar con bebidas, bocadillos e pinchos.

Ademais, haberá un stand de Panadería Mercedes no que haberá empanadas variadas, tartas, bicas e pan de diferentes tipos como o de broa ou o integral con pasas.

## Xogos, exhibicións e diversión

ACEBE CCA ten programadas para os dous días da feira unha serie de actividades de lecer orientadas a públicos de diferentes idades coas que poder ofrecer ás familias un amplo abano de posibilidades de ocio dentro do propio recinto feiral.

Haberá xogos tradicionais para os máis pequenos, un torneo infantil de xadrez nun taboleiro xigante, inchables, unha xincana ciclista e tamén un taller exhibición sobre educación canina.










# [ fec Betanzos 5 e 6 de xuño PROGRAMA ]

## Sábado 5 de xuño

**11.00 h. Apertura e Inauguración da Feira.** Asistirán a Presidenta de ACEBE CCA, Antonia Anido; o Presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda; un representante da Dirección Xeral de Comercio; a Alcaldesa de Betanzos, María Faraldo; a directiva de ACEBE CCA e membros da Corporación Local.

**De 12:00 a 14:00 h.** Xogos tradicionais a cargo de Cempés nunha carpa do recinto feiral.
Inchables cedidos por CEPSA a través de GAS.ABEGONDO

**De 16:00 a 21:00 h.** Inchables cedidos por CEPSA a través de GAS.ABEGONDO

**A partir das 17:00 h.** Torneo infantil de Xadrez nun taboleiro xigante de 3x3 metros. Organizado polo Club Xadrez Betanzos.

**De 17:00 a 20:00 h.** Inchables: futbolín humán, escalada, touro mecánico...

**21:00 h. Peche da feira**

## Domingo 6 de xuño

**11.00 h. Apertura da Feira.**

**De 12:00 a 14:00 h.** Ximcana, a cargo do Clube BTT Caimanes Betanzos.

**De 16:00 a 19:00 h.** Inchables: futbolín humán,



escalada multiobstáculos, touro mecánico...

**De 18:30 a 20:30 h.** Agility e taller teórico práctico sobre os primeiros pasos na educación canina, a cargo de Octavio Villazala, do Centro Canino Montegatto

**21:00 h. Clausura da Feira**

# VISITA Fec e gaña

## unha noite na casa rural Casal de Mouros con tratamento antiestrés

ACEBE CCA facilitará aos empresarios inscritos na Feira Empresarial e Comercial unhas convidacións para entregar aos seus clientes coas que poderán participar no sorteo dunha noite na casa rural Casal de Mouros para dúas persoas con tratamento antiestrés incluido. Casal de Mouros é unha casa rural situada en Ambroa, no municipio de Irixoa, que dispón de restaurante as fins de semana e entre as súas especialidades destacan as filloas á pedra.

Os comerciantes e empresarios que exporán na Feira disporán destas tarxetas dende a semana anterior á celebración da Feira para que poidan entregarllas tamén aos seus clientes habituais.

No transcurso da Feira disporán tamén das convidacións para repartir ás persoas que visiten os seus stands.

As papeletas deberán entregarse nunha urna que ACEBE CCA terá no seu punto de información e o sorteo realizarase ao remate da Feira.









fec Betanzos 5 e 6 de xuño

# MOITO QUE VER

Os visitantes que acudan a Fec Betanzos terán ocasión de coñecer as últimas novidades dos expositores que amosarán o mellor e máis innovador do sector ao que representan.

## Comercial, Mobiliario, e Decoración

-As últimas novidades en menaxe e fogar das marcas BWMF, Evasolo e Menú, no stand de **FINITA CARAMÉS**, que ademais completará a exposición cunha liña de maletas, algúns artículos de decoración e un muestrario de cuchillería alemana da marca Zwilling, e ofrecerá descontos para pedidos en feira do 15%.

-**GRAF** e **GRAF SYSTEMS** montarán un escaparate con maniquís vestidos con modelos de primeiras marcas e mesmo teñen previsto realizar un concurso de finger skate para nenos. Tamén entregarán folletos de promoción con vales regalo para canxear en tenda.

-Os detalles de voda, bautizo, comunión, etc. serán os protagonistas do stand de **LA VACA** que ofrecerá descontos para os contratos realizados na feira dun 5% e ademais de mostras dos diferentes tipos de agasallos, disporá de muestrarios en catálogo.

-**CUPLÉ** levará roupa, bolsos, zapatos e complementos.

-**DEVAGAXE** vai centrar a súa presenza na feira na promoción e publicidade da empresa.

-**FREESIA** centrará a súa exposición nas últimas coleccións de noiva, corsetería e baño, moda exterior de TCN e un avance otoño-inverno de Andrés Sardá. Tamén ofrecerá vales desconto para pedidos en feira.

-**TROULA** exporá roupa das marcas coas que traballan habitualmente.

-**OFIBREA** vai expoñer mobiliario de oficina, produtos de ergonomía no traballo, maquinaria e material de oficina, unhas máquinas detectoras de billetes falsos e a nova gama de cadernos Oxford e o kit Papershow tamén de Oxford.

-**MARIANO DECORACIÓN** levará cadros, espellos e outros elementos decorativos. Tamén montarán salóns e dormitorios, conxugando o mobiliario tradicional con modelos de deseño orientados a un público máis novo. Ofrecerá descontos do 10%.

-**COMERCIAL SUSO**, exporá varias novidades en electrodomésticos como os frigoríficos con iluminación por led. Tamén mostrará televisores de emisión en 3D e un paquete de Digital+ tamén para emisión en 3D.

-**CASANTIGA** centrará a exposición en complementos de fogar e levará tamén algúns mobles.

-No stand de **FUNERARIA MARIANO**, exporán centros de flores para xardineiras e para igrexas e tamén mostras de mármore para lápidas.

-**MUEBLES DE COCINA AS MARIÑAS** vai incidir na funcionalidade, unha das palabras máis empregadas no mundo do moble, que hai anos era un argumento de venda para os fabricantes e que hoxe en día é unha petición unánime para os clientes. A súa proposta será ofrecer aos clientes solucións orixinais para que con elas poidan lograr un fogar funcional e decorado coas últimas tendencias en deseño para o que presentarán propostas variadas tanto en tecnoloxía como en acabados e todo cuns importantes descontos especiais para Feira.

-No stand de **COCINAS Y BAÑOS VERT** todo serán novidades, entre elas o último presentado na Feira de Milán que se celebrou hai apenas un mes. Haberá novidades tanto en estilo e deseño, como en materiais e tamén en electrodomésticos, como por exemplo a nova indución que aínda non está nas tendas.

-**CALEFACCIÓN MEILÁN** centrará a súa exposición sobre todo nun amplo surtido de cociñas de leña, mostrando diferentes modelos, económicas, modernas, clásicas, empotrables, etc. e disporá tamén de folletos promocionais doutros produtos e servizos que ofrece no seu negocio.

-**GASÓLEOS ABEGONDO** levará mostras de botellas de butano, depósitos de gas e de gasóleo de calefacción.

## Construcción

-No stand de **DESARROLLA PROYECTOS INTEGRALES** centraranse na promoción da imaxe da empresa, nova en Betanzos, que se adica ás reformas e construcción. Dispón de todos os elementos precisos para a realización de reformas nunha vivenda, dende ambientes de baño, a cociñas, dormitorios, armarios, etc. Disporán de material promocional para dar a coñecer a súa actividade.

-**RODECOR** vai promocionar a empresa a través das obras que teñen realizado.

-**GRATACÓS** exporá diferentes modelos de ventanas, balcóns, portas, e cerramento e carpintería exterior en PVC. Ademais da mostra de produtos acabados haberá material promocional e descontos para os pedidos ou contactos que se realicen na feira.

-**CLIMATIZA** levará como novidades: un conxunto de lavabo e inodoro nunha mesma peza enmarcado no concepto de deseño e sostibilidade, no que a auga do lavabo se recicla para a taza do inodoro. Tamén exporá uns novos platos de ducha de altura reducida para minusválidos elaborados en pizarra. Terán descontos nos produtos encargados na feira e montaxe gratuita. Tamén disporán de folletos promocionais sobre calefacción e enerxías alternativas.

-No stand de **ELECTRICIDAD CHECHÉ** haberá un surtido de diferentes produtos relacionados coa iluminación e os automatismos como portais automáticos e persianas. Tamén levará contadores con bombillas para comprobar a diferencia entre as bombillas convencionais, as de baixo consumo e as led. Terán tamén descontos especiais en feira.

-**INSOLCLIMA** presentará, entre outras novidades, unha placa solar Inox de cor azul para que o público poida comprobar que existe unha gama de placas solares de cores que poden integrarse perfectamente no entorno.

## Perruquerías/academias

-**PELOMANÍA** que acude á feira para promocionar a academia de perruquería, levará a alumnos do primeiro curso do ciclo formativo de grao medio que realizarán traballos de recollidos. Disporán de folletos promocionais para dar a coñecer os ciclos formativos e tamén de fotodepilación e doutros servizos que ofrecen no centro.

-**PELUQUERÍA ONDA** realizará demostracións de estampación de unllas, maquillaxe, láser de diodo e microdermoabrasión que serán gratuitas para as persoas que se acheguen ao seu stand.

## Automoción e maquinaria

-**GONZACAR**, Concesionario Ford exporá sobre 10 vehículos, un de cada modelo (Fiesta, Ka, Focus, Mondeo, Kuga...), ofrecerán precio especial en feira e disporán tamén dalgúns accesorios e equipamentos.

-**TALLERES CACHAZA**, concesionario Fiat vai expor entre 12 e 15 coches, con precios especiais de feira. Os máis destacados serán o Fiat 500 Pink, de cor rosa, e o Fiat 500 C, descapotable.

-**TALLERES MYR** levará artículos de reparación, reposto e mecánica do automóbil.

-**TALLERES MACEIRAS** levará coches de segunda man, accesorios e respostos

-**GRUAS Y AUTOVENTAS** levará sete coches, entre eles un deportivo, un descapotable, un todo terreno e un sin carné e tres motos á exposición.

-**AGRAFER** exporá entre outras novidades, cortasetos con acumulador, desbrozadora de mochila con arranque eléctrico, robots cortacéspede, fornos de leña de barro móbiles e abreleñas hidráulicos.


TANATORIO MARIANO
Funeraria MARIANO
www.funerariamariano.com
f_mariano@terra.es
Servicios Fúnebres de todas las Compañías de Decesos
Local Climatizado
Telf.: 981 771 468 - Fax: 981 775 178 - Mov.: 676 497 696 - 676 497 697
FLORISTERIA (encargos) - Telf. 654 885 602
Bellavista, s/n
BETANZOS
Estamos en la zona 2, stand 30 de la fec de Betanzos


Estamos en la zona 2, stand 34 de la fec de Betanzos
SI AMAS EL FÚTBOL
SOBRE TODAS LAS COSAS, ALELUYA.
PAGA AHORA
15€
Y NO PAGUES MÁS HASTA OCTUBRE
VIVE
TODO EL MUNDIAL Y LA LIGA
DISPONIBLE EN ALTA DEFINICIÓN
Y AHORA CUOTA DE ALTA
0€
Abónate en tu distribuidor oficial
COMERCIAL SUSO: Alcalde Beccaría 16-18 / 981 77 02 51
o llamando al 902 18 11 11
CANAL+ 3D
DIGITAL+

BERGONDO

# O Pleno aproba un suplemento de crédito de 469.000 euros para novas inversións

**REDACCIÓN/ Bergondo**

O Concello de Bergondo aprobou en Pleno un suplemento de crédito por valor de 469.000 euros procedentes do remanente positivo da liquidación de 2009 para destinar a inversións e á concesión de varias subvencións.

Dos 469.000 euros, 345.000 adicaranse ao capítulo de inversións, en concreto á inclusión de catro novas obras, dúas dirixidas ao alumeado de Ouces e dúas ao Polígono Industrial de Bergondo.

No parque industrial investiranse 214.000 euros para reformas de pavimentación e de canalización de pluviais en varias zonas. Outros 76.000 euros serán para a reforma da iluminación pública nos núcleos de Mesoiro e O Casal, na parroquia de Ouces. A restante cantidade do suplemento que se refire a inversións será para completar a obra do parque infantil de Guísamo.

Ademais, 70.000 euros irán destinados a axudas á dependencia; outros 20.000 subvencionarán a compra de antenas sintonizadoras para veciños que residan en zonas de sombra da TDT. Finalmente, 32.000 euros apoiarán a realización de programas da Asociación de nais e Pais de alumnos.



Imaxe dunha das actuacións da Concentración de Coros de San Fiz / NOEMIA MOAR

## Os veciños de San Fiz adican a IV Concentración de Coros á figura de Xohán Vicente Viqueira

**REDACCIÓN/ Bergondo**

O pasado 22 de maio celebrouse na parroquia de San Fiz a IV Concentración de Coros organizada pola Asociación de Veciños desta parroquia bergondesa. Nesta ocasión adicaron a xornada á figura de Xohán Vicente Viqueira, un ilustre veciño da parroquia ao que varios colectivos renderon homenaxe este ano.

Ao acto acudiron coros da comarca, entre eles o de Sigrás, a coral de Bergondo, Acordes de Vixoi, o coro de Rois, o de Santa Marta, etc. tamén actuaron os pequenos da escola de Vixoi que sobre o esceario e ante un centenar de persoas contaron de memoria a historia de Xohán Vicente Viqueira e remataron a actuación cantando algúns dos poemas do escritor.

CURTIS

# A Xunta impulsa o consumo de peixe coa campaña "O sabor da aventura está no mar"

**REDACCIÓN/ Curtis**

O CEIP de Curtis acolleu un obradoiro e xantar do proxecto piloto de impulso de consumo de peixe que promove a Consellería do Mar baixo o nome "o sabor da aventura está no mar".

Á presentación desta campaña acudiron a Conselleira do Mar, Rosa Quintana, o Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, e a Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, aos que acompañou o Alcalde, Javier Caínzos, que compartiron cos alumnos da escola o xantar composto de fideuá de mexilóns.



O Alcalde, Javier Caínzos, e os Conselleiros Jesús Vázquez, Pilar Farjas e Rosa Quintana durante a xornada de presentación da campaña no CEIP de Curtis

## Peixe fresco

As actividades que se desenvolveron no centro escolar durante a xornada do 20 de maio comprenderon dúas liñas de acción, un obradoiro dunha hora de duración por cada grupo de idade e un cátering semanal de pratos preparados con peixe galego fresco: fideuá de mexilóns, hamburguesa de sardiña, pizza mariñeira ou lasaña mariñeira son algúns dos produtos que os pequenos poderán degustar no catering.

Esta experiencia piloto que arrancou en Curtis, estenderase a un total de seis centros públicos galegos. A intención da Xunta é que a campaña chegue aos centros públicos de toda Galicia, sobre todo en municipios do interior onde os alumnos xeralmente teñen menos coñecemento dos produtos do mar.

Así, preto de 19.000 nenos e nenas de entre 6 e 12 anos consumirán peixe galego fresco, e repartiranse ao redor de 152.000 racións de peixe no curso escolar 2010-2011 en 158 colexios públicos de toda Galicia.

A Xunta ten previsto establecer un convenio coas organizacións de produtores para que subministren o peixe fresco a un prezo estipulado. O orzamento da campaña supera os 750.000 euros.

## O Concello mellora a pavimentación do Barrio do Gurugú e outras rúas

**REDACCIÓN/ Curtis**

O Concello iniciou as obras de mellora e pavimentación da rúa Gurugú, no barrio do mesmo nome, na localidade de Curtis. Os traballos comezaron coa redución da pendente da rúa, baixando considerablemente a cota do terreo, tal e como informaron fontes municipais. Deste xeito, segundo as mesmas fontes, mellorarase a accesibiliade no vial, tanto para os peóns como para os vehículos.

Tras esta primeira fase, procederase á nova pavimentación con formigón estampado. O resto da rúa, no tramo no que non foi preciso reducir a cota, acondicionarase o pavimento coa aplicación dunha resina para mellorar a adherencia e a resistencia ao desgaste producido polo tránsito de vehículos.



Unha imaxe das obras que o Concello realiza no Barrio do Gurugú en Curtis

## Iluminación eficiente

O Goberno Local ten previsto tamén renovar a pavimentación na rúa Primavera e acometerá diversas melloras na iluminación en varias zonas. En concreto, xa foi instalada a nova iluminación da rúa Paio Rodríguez con novas farolas con lámpadas de aforro enerxético, o que vai reducir en máis dun 30 por cento o consumo de enerxía. O Alcalde salientou que nestas obras o Concello ten investido ao redor de 80.000 euros.

Nuevo Opel Meriva

Talleres Campañó
Wir leben Autos.
Avda. Fraga Iribarne, 29-31
BETANZOS
Tlf./Fax: 981 77 11 07
e-mail: t.campano@telefonica.net

PAPELERÍA - LIBRERÍA
Loterías y Apuestas del Estado
ESTANCO PUENTE NUEVO
REGALOS - IMPORTACIÓN - ARTÍCULOS DE FIESTA
C/Valdoncel, 91 · Tlf. 981 77 02 01 · BETANZOS

Cano
XASTRERIA
CONFECCIONS
Saavedra Meneses, 26-28
Telf. 981 772308 • BETANZOS

## CURTIS

### O Concello acomete obras de abastecemento de auga e mellora da pavimentación por máis de 400.000 euros

**REDACCIÓN / Curtis**

O Concello de Curtis acaba de iniciar a execución de varios proxectos de abastecemento de auga, de instalación de redes de saneamento e de arranxo de camiños rurais cun investimento que supera os 433.000 euros.

No que respecta ás obras de abastecemento de auga potable, estanse a realizar as acometidas das redes dos núcleos de Gorxá, Recareo, Quintadóniga, O Pereiral, Os Campos, e a conexión ETAP co campo de fútbol de Fisteus. En canto á rede de saneamento conectaranse dous tramos localizados no núcleo urbán de Curtis.

Tamén se pavimentarán varios camiños rurais nos lugares de Abeledo, Carregosa, Codesoso-Godulfes, Devesela, Esmorís, Estremil, Fraga, Gorxá-Breixeira, Iglesario, Insua, Remourán e Vilares.

Estas obras inclúen a ampliación da calzada, a recollida de augas pluviais e a colocación de novas taxeas nestas zonas, tal e como informaron fontes do Concello.

## ABEGONDO



### A Aula da Natureza acollerá un curso sobre plagas en frutais impartido por Francisco Otero

**REDACCIÓN / Abegondo**

A Aula da Natureza de Abegondo organiza un taller de plagas e enfermidades das árbores que terá lugar os próximos días 10, 11 e 12 de xuño.

O curso será impartido polo horticultor Francisco Otero, quen instruirá aos participantes na identificación de plagas, no seu tratamento e nas labores de prevención de enfermidades.

O curso será o xoves día 10 e o venres día 11 en horario de 19:30 a 22:00 horas e o sábado do día 12 en horario de 11:00 a 14:00 horas.

É impescindible reservar praza, xa que o taller está limitado a 25 alumnos. O custe é de 15 euros por persoa.

As inscricións poden realizarse na propia Aula da Natureza ou ben chamando ao teléfono 981647916



Imaxe dos gañadores do certame de narrativa, debuxo, pintura e poesía de Abegondo acompañados do Alcalde, José Antonio Santiso e da Concelleira de Educación, Cristina Rabón

# O Concello entrega os premios das Letras Galegas

**REDACCIÓN / Abegondo**

O Alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso, e a Concelleira de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude, Cristina Rabón, entregaron no CEIP San Marcos os premios do Certame de Narrativa, Debuxo, Pintura e Poesía convocados polo Concello para as categoría infantil e primaria co gallo da celebracón do Día das Letras Galegas.

Na categoría infantil o primeiro premio de debuxo e pintura foi para Aroa Blanco Suárez; o segundo para Ana Victoria López Queijo; e o terceiro para Carla Gómez Carro e Mauro Reborido Muíño (premio ex aequo).

Na categoría de primaria, o primeiro premio de narrativa foi para Lorena Naveira Esporas; o primeiro premio de Debuxo e Pintura foi para Sergio Iglesias Remuiñán e o segundo premio foi para Ana Belén Taibo Tasende.

Tamén foron entregados, o pasado sábado 29 de maio na I Mostra da Cultura, os galardóns correspondentes ás categorías de Secundaria e de Adultos.

### A Escola de Palilleiras de Abegondo expón os traballos do curso

**REDACCIÓN / Abegondo**

A Feira de San Marcos do 13 de xuño é o escenario escollido pola Escola de Palilleiras de Abegondo para expór os traballos realizados no curso polas 25 alumnas. Ao redor da unha e media da tarde, ademais, efectuarán varios sorteos de agasallos para as persoas que se acheguen á mostra.

## ARANGA

### A parroquia de Fervenzas celebra en xullo as Festas de Santa Isabel

**REDACCIÓN / Aranga**

A parroquia de Fervenzas, en Aranga, celebra os días 3 e 4 de xullo as súas festas parroquiais na honra de Santa Isabel.

O sábado día 3 haberá Misa Solemne ás 13:15 horas, sesión vermouth e verbena.

O domingo día 4 a misa será ás 13:00 h. e haberá tamén sesión vermouth.

A Comisión de festas agradece a colaboración das persoas que cada ano contribúen á realización das festas.
















PADERNE



Imaxe do público asistente á Feira de Paderne do ano pasado

# Paderne prepara a XI Feira Multisectorial que se celebrará o 3 e 4 de xullo

**REDACCIÓN/ Paderne**

O Concello de Paderne está a ultimar os preparativos para a celebración da XI Feira Multisectorial que se celebrará os días 3 e 4 de xullo no Campo de O Telleiro.

"Tras once anos, a feira está xa consolidada como un referente en toda a comarca, máxime tendo en conta a entidade de poboación dos concellos veciños", explicou o Alcalde, César Longo, quen salientou a gran afluencia de empresas e de solicitudes para participar nela o que "ven a demostrar a súa representatividade e a recompensar o esforzo e a aposta que desde os seus comezos se fixo pola innovación e a empresa en Paderne", dixo.

Haberá expositores de diferentes sectores: comercial, maquinaria, forestal, florerías, gandeiría, automoción, etc. que, como de costume nos últimos anos, adoitan sorprender ao público coas últimas novidades do mercado.

Ademais o Concello ten programado un conxunto de actividades para todas as idades, dende inchables para os máis pequenos ata animación de rúa, ou o sempre concurrido concurso canino, o día 3 e unha exhibición ecuestre o día 4.

Están tamén previstas as actuacións da Escola de Gaitas San Pantaleón e as Cantareiras de Ardebullo, que xa o ano pasado rexistraron unha numerosa afluencia de público durante o seu número.

## O Concello clausura as actividades de adultos

**REDACCIÓN/ Paderne**

O venres 18 de xuño ás 20:00 horas será a clausura das actividades que o Concello impartíu ao longo do ano nas parroquias: pintura, manualidades, cestería, memoria, ximnasia, aerobic, pilates, bailes de salón, informática e inglés. O acto estará presidido polo Alcalde, contará coa presenza dos monitores das actividades e actuarán a Coral de Bergondo e os grupos de baile que se formaron nunha das parroquias.

## Os nenos de preescolar na casa visitan Marcelle

Os nenos e nenas de Preescolar na Casa en Paderne visitarán Marcelle o10 de xuño como peche ás actividades do ano. O Concello colabora durante o curso co programa e nesta ocasión, ademais, facilitará o transporte ás vinte familias que irán á viaxe.

# O Centro de Maiores promove "divertixogos" para este verán

**REDACCIÓN/ Paderne**

O Centro de Maiores de Paderne estreará este verán unha nova actividade para os seus socios e socias. Trátase dos "divertixogos", cos que poderán divertirse facendo xogos, relaxarse, mover o corpo con exercicios adpatados ás súas necesidades e forma física e pasalo ben coa demais xente do municipio.

As actividades son gratuitas para os maiores inscritos no centro e comezaron a impartirse nas tardes dos martes nas dependencias do Centro dende o pasado 1 de xuño.

O Concello agarda que esta nova iniciativa teña a mesma repercusión que as que ata o momento se estiveron desenvolvendo e que consiga o obxectivo coa que foi creada que é o de manter o benestar dos maiores do municipio, tal e como explicou o Alcalde, César Longo.

### Balneoterapia

Por outro lado, continuarán este mes as visitas ao Balneario de Guitiriz para os maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que estean empadroados no Concello. Os asistentes reciben terapias termais baseadas en baños e saunas.

A próxima visita será o día 11 de xuño. A saída será dende a Casa do Concello ás 09:30 horas e o regreso a redor das 13:00 horas. As persoas interesadas en asistir deben chamar antes do luns 7 de xuño.

## A Asociación Prímula organiza un concerto o día 19 en Betanzos

**REDACCIÓN/ Paderne**

A Asociación Xuvenil e Cultural Prímula de Paderne ten preparado para o vindeiro sábado 19 de xuño ás seis da tarde unha nova actividade cultural para os socios e amigos do colectivo. Trátase dun concerto dirixido a todas as idades que será ofrecido por unha escola de música.

A agrupación acaba de organizar unha excursión a O Grove na que participou un nutrido grupo de persoas. Visitaron o porto de San Vicente do Grove, realizaron unha visita guiada ao mirador de Siradella e tamén unha ruta en catamarán na que puideron gozar das panorámicas submarinas así como degustar mexillóns.

Pola tarde, tras pasear pola Toxa, acudiron á adega do Pazo de Fefiñanes en Cambados.

As persoas que desexen formar parte da asociación poden contactar no e-mail: asociacionprimula@hotmail.com ou informarse das súas actividades en facebook.



Imaxe de grupo dalgúns dos participantes na viaxe que Prímula organizou a O Grove


J. CABANA TRABALLOS FORESTAIS
FORESTAL CABANA
Xosé M. Cabana Blanco
676 011 038
- LIMPEZA DE MONTES E FINCAS.
- PLANTACIÓN, PODAS E CLAREOS.
- COMPRA DE MADEIRA.
- VENTA DE LEÑA.
- COMPRA DE MONTES.
jose@forestalcaban.com - www.forestalcabana.com

¿Le preocupa su futuro?
FINUCHA, echadora de cartas
Le descubre su futuro a través de las cartas del Tarot y de las Runas
Si le interesa llame a los Tlfs: 981 775124 - 679591215
Nueva dirección: Plaza Alfonso IX, 33 - bajo - BETANZOS

BC
981 77 45 74

ASCOYFI
ASESORÍA CONTABLE Y FISCAL ADMINISTRACIÓN DE FINCAS SEGUROS
Colegio Oficial de Administradores de Fincas
COLEGIADA Nº: 1-898
Ilustre Colegio Oficial de Titulados Mercantiles y Empresariales
COLEGIADA Nº: 825
C/ Venezuela, 20 bajo
15300 BETANZOS
Tlf./Fax: 981 77 44 79

SE VENDE FINCA
URBANIZABLE
BETANZOS
EXCELENTE SITUACION
649.239.488

CESURAS



# Xunta e Concello estudan o amaño da estrada de Borrifáns

REDACCIÓN / Cesuras

O Alcalde de Cesuras, Julián Lucas, reuníuse co delegado da Xunta na provincia, Diego Calvo, para tratar varios temas relacionados coa execución da concentración parcelaria que se está levando a cabo na parroquia de Borrifáns.

O Alcalde transmitíu ao Delegado da Xunta a necesidade de reparar de forma urxente a estrada que discorre por Borrifáns, dende o Castelo ata o lugar de A Raia, no veciño municipio de Curtis.

Según Lucas, a vía, duns 9 kilómetros, sufríu un importante deterioro polo paso da maquinaria empregada na apertura das pistas de concentración. Diego Calvo comprometeuse a realizar as xestions precisas para reparar as deficiencias da estrada.

## 3 millóns de euros

O Alcalde de Cesuras salientou que a concentración de Borrifáns supuxo a apertura de 70 kilómetros de pistas novas na parroquia, viais nos que non está incluida a citada estrada.

Según os datos facilitados pola Consellería de Medio Rural, a concentración de Borrifáns supuxo unha inversión de case 3 millóns de euros.

COIRÓS

# O Concello clausura en xuño as actividades deportivas e culturais

REDACCIÓN / Coirós

O próximo venres 18 de xuño no Polideportivo Municipal de A Cortella celebrarase a festa de clausura das actividades deportivas que se impartiron ao longo do ano no Concello.

A festa comezará a partir das seis da tarde e haberá inchables para os nenos e nenas. A partir das oito da tarde darán comezo as exhibicións das actividades deportivas: ximnasia de mantemento, aerobic, ioga, taekwondo, patinaxe, baile de salón e baile moderno.

Unha semana despois, o día 25, no salón de actos do centro social, a partir das oito da tarde celebrarase a clausura das actividades culturais.

Neste acto participarán os nenos e nenas da escola de teatro municipal que representarán unha obra teatral, e actuará tamén o coro municipal.

Está previsto tamén realizar unha espoxición fotográfica das actividades realizadas durante o curso e unha exposición dos traballos elaborados polas alumnas que asistiron aos cursos de manualidades e bordado.



Imaxe dalgúns dos asistentes á Festa do Pensionista ques e celebrou en Coirós

# Unhas 400 persoas asisten á Festa do Pensionista

REDACCIÓN / Coirós

A Festa do Pensionista organizada polo Concello de Coirós o pasado 15 de maio, reuníu ao redor de 400 persoas no polideportivo Municipal de A Cortella. A celebración comezou á unha da tarde cunha recepción que o Alcalde, Francisco Quintela, e os membros da Corporación, brindaron aos asistentes. A continuación compartiron un xantar e trala sobremesa, asistiron ao baile que se prolongou ata ao redor das oito da tarde. O Concello dispuxo un servizo de bus para achegar aos convidados ao lugar da festa e para trasladalos de novo ás súas parroquias ao remate da festa.

# Coirós implanta un servizo de recollida de enseres

REDACCIÓN / Coirós

O Concello de Coirós ofrece un novo servizo de recollida de residuos voluminosos do fogar, tales como electrodomésticos, mobles, etc. As persoas que queiran desfacerse dalgún destes elementos deben chamar ao Concello para solicitar a súa retirada. A recollida destes elementos nos fogares farase nos meses impares.


CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
DOPAZO
Tendales y Mamparas - Portales Soldados - Portales Garajes
Tlf. y Fax: 981 774 460
Móvil: 606 385 969
dopazo@live .com
www.aluminiosmdopazo.com
Xan Rozo, nº 81
15319 BETANZOS

ARUME FOTOGRAFIA
Pza. Alfonso IX, Nº 10
Telf. 981 77 09 52 - BETANZOS

centro de estudios elipse
CLASES DE APOYO
PRIMARIA, E.S.O., BACHILLERATO, CICLOS Y UNIVERSIDAD.
Meses de julio y agosto:
·Preparación de exámenes de recuperación
·Repaso de asignaturas
·Preparación exámenes de selectividad
www.academiaelipse.es

ROYAL CALIDAD Y SERVICIO
ROYAL MADERA
GRAN VARIEDAD DE TARIMAS y LAMINADOS
Barnices y Acabados,
Zócalos, Perfiles,
Lijas, Colas, Tintes y Lasures
avda. Fraga Iribarne, 48 Betanzos - Telf.: 981772714 Fax: 981772600

FÚTBOL

## O Betanzos C.F. comeza a planificar a tempada 2010-2011

**REDACCIÓN/ Deportes**

Co cuarto posto da presente campaña, a renovación do adestrador Óscar Gilsanz pechada, técnicos e directivos do clube, comezan a perfilar un proxecto austero para a vindeira tempada. Consecuentes cos tempos de crise, a directiva do Betanzos non vai dubidar á hora do recorte degastos, o que esixirá traballar por iso, máis e mellor.

No aspecto deportivo, o equipo goza dunhas merecidas vacacións. Aínda así tiveron oportunidade de enfrontarse nun amigable ao recentemente ascendido a 2ºB, o Deportivo B, nunha homenaxe ao que foi xogador do Betanzos e do Deportivo de A Coruña, o finado Amador García Cortés.

# O clube rende homenaxe a Amador García Cortés

**REDACCIÓN/ Deportes**

O mundo do fútbol en particular e a sociedade betanceira en xeral, saldou unha débeda cun betanceiro de pro e embaixador de Betanzos por todo o mundo.

"Futbolista Amador García Cortés" é xa o nome dunha praza da zona de As Cascas, e o mundo do fútbol non podía faltar a esta cita, rendindo a súa homenaxe cun partido que enfrontou ao Betanzos co Deportivo B, no municipal García Hermanos.

Foi no Brigantium onde se veu nacer a un habilidoso interior que non tardaría en dar o salto ao Deportivo e de aí ao Atlético de Madrid, o Sportin de Braga para rematar a súa traxectoria no Mallorca. Nesta illa tamén quedaría e converteu a "Casa Gallega" nun rincón e embaixada da súa terra natal.

Nun acto tremendamente emotivo, a viúva, os fillos e os netos, recibiron o cariño dos presentes, xentes do fútbol, amigos e coñecidos de Amador.

Antes do encontro, outra emotiva homenaxe foi a que lle rendeu o Concello de Betanzos durante a inauguración da praza que leva o nome deste destacado betanceiro. Cita á que acudiron tamén numerosos betanceiros para honrar a súa memoria.



De esq. a dta. Emilio (árbitro asistente), Seijas (Capitán do Betanzos), Julián (árbitro), Dani (capitán do Deportivo B), Francisco (árbitro asistente), Pachi Dopico (Conselleiro do RC Deportivo) e Garrido (Secretario do Betanzos C.F.) acompañados dos netos do homenaxeado, Amador García

### Loito no Betanzos C.F.

A piques de pechar a edición deste xornal, chegou á redacción de deportes a triste nova do pasamento do xogador alevín do Betanzos C.F., Carlos Teijo. Todos os que integran o clube betanceiro, directivos, xogadores, pais e nais, súmanse á dor da familia nestes difíciles momentos. A redacción de deportes e este periódico lamentan a súa perda e transmiten á familia as súas condolencias. Descanse en paz.

FÚTBOL SALA

# Aberta a quinta edición do Torneo de fútbol sala "Cidade de Betanzos" que organiza o Troula F.S.

**REDACCIÓN/ Deportes**

O Troula F.S. iniciou a V edición do Torneo de Fútbol Sala de Base "Cidade de Betanzos" que en 2010 se divide en tres datas, unha primeira para prebenxamíns, os días 19 e 20 de xuño para benxamíns e alevíns e concluirá o 26 de xuño en categoría cadete.

A primeira parte disputouse o pasado 22 de maio e tomaron parte 12 equipos prebenxamíns de A Coruña e Lugo, convidados pola organización. A xornada comezou ás dez da mañá e continuou sen pausa ata as sete e media da tarde cando se procedeu á entrega de trofeos. Asistiron á entrega a Alcaldesa, María Faraldo, o edil de Deportes, Andrés Porcas, o Presidente de honra do Troula, José Faraldo e o capitán do Troula F.S., Alfredo Campañó "Fredy".

A pesar do intenso calor, o Pavillón Municipal rexistrou unha moi boa entrada e cabe destacar a deportividade e o bo ambiente entre as afecións que disfrutaron cos máis pequenos como protagonistas.

O campión foi o Materiales Atlántico-Parrulo de Ferrol, que se impuxo na final ao Liceo La Paz de A Coruña. A terceira posición acadouna o Troula A e completou o Cadro de honra o Concello de Miño.

A organización desexa que o éxito de público e a competición se repita nas categorías benxamín, alevín e cadete.



Arriba, Plantilla do Troula A, abaixo, Plantilla do Troula B





## Rematan as competicións de liga e copa de Fútbol Sala

**REDACCIÓN/ Deportes**

Rematou a competición de liga na Autonómica Norte co Troula como oitavo clasificado despois de derrotar ao Jogafan de Ordes por 4 a 1. En categoría cadete, o equipo clasificouse para xogar a final a catro da Copa que se disputou en Sarria, os pasados 29 e 30 de maio. O primeiro dos rivais foi o campión de Liga, o Azkar Lugo.

Os alevíns e benxamíns non poideron acadar as finais de Copa da liga de Cambre, caendo todos eles en semifinais.

Si se plantou na final o Prebenxamín A, que non puido co Club de Mar. Aínda así, gran temporada para os de Mateo, que suman subcampionato de Liga e Copa.

FUNERARIA y VELATORIOS
LA MERCED

SERVICIOS PARTICULARES Y DE CUALQUIER COMPAÑIA

Si Ud. tiene una póliza, sea de la compañía que sea, Ud. puede elegir su servicio,y si tiene alguna duda o necesita de nuestro servicio, llámenos

NUESTRO TELEFONO PERMANENTE ES EL 981 79 20 28
ESTAMOS PERMANENTEMENTE A SU DISPOSICION
VELATORIOS

C/ La Marina, 80 (Paseo del Malecón) - BETANZOS - Telf. 981 771306

Galipart, s.l.
FABRICA DE PARQUETS
CORTIÑAN
BETANZOS
Telf. 981 78 04 03
15319 (A Coruña)










# complexo deportivo O CARREGAL

Un año más ofertamos una amplia variedad de cursos.
Dirigidos a todas las edades desde los 3 años hasta los adultos.

**Desde el día 1 de junio hasta el 19 del mismo mes, está abierto el plazo de inscripción en las instalaciones municipales de Betanzos.**

**Abierto el plazo de inscripción en las Instalaciones Deportivas Municipales de Betanzos**

actividades 2010

## SISTEMA DE ABONADOS

- **ABONADO DE MAÑANA:** Podrán hacer uso de las instalaciones en horario de 7:30 a 13:30 horas.
- **ABONADO INDIVIDUAL:** Podrán hacer uso de las instalaciones durante el tiempo de apertura de las mismas.
- **ABONADO FAMILIAR:** Podrán hacer uso de las instalaciones el matrimonio e hijos menores de 20 años durante el tiempo de las mismas.

**LOS ABONADOS PODRAN DISFRUTAR DE LOS SIGUIENTES SERVICIOS:**
SALA DE MUSCULACIÓN
PISCINA CLIMATIZADA
PISCINA DESCUBIERTA
SAUNAS
30% DE DESCUENTO EN:
Cursillos de Pabellón y Piscina
Solarium vertical

Las instalaciones cerrarán una semana en agosto, excepto la piscina descubierta.
Más información en el teléfono **981 77 17 92**

## CURSOS INTENSIVOS DE NATACIÓN

**CURSOS DE NATACION INFANTIL**
**De 3 a 14 años por las mañanas**
**De lunes a viernes:**
10.00 a 10.45- 10.45 a 11.30
11.30 a 12.15- 12.15 a 13.00

**CURSOS DE NATACION ADULTOS**
**De lunes a viernes:**
20:00 a 20.45 - de 20.45 a 21.30 - 21:30 a 22.15

**AEROBIC**
**Lunes, miércoles y viernes** de 20.30 a 21.30

**PILATES**
**Martes y jueves** de 10.00 a 11.00
**Martes y jueves** de 20.30 a 21.30

**CURSOS DE NATACIÓN TERCERA EDAD**
**Martes y jueves** de 10.00 a 10.45

**NATACIÓN PREVENTIVA**
**Lunes, miércoles y viernes** de 10.00 a 10.45 y de 21.30 a 22.15

*Las instalaciones de la piscina climatizada durante los meses de julio, agosto y septiembre será el siguiente:*
*De lunes a viernes: de 7.30 a 22.15 - Sábado: de 9.00 a 13.30*
*El horario de la sala de musculación será el siguiente:*
*De lunes a viernes: de 7.30 a 22.30 - Sábado: de 9.00 a 13.30*

Los inscripciones se harán durante el mes de Junio desde el día 1 hasta el 19
Los cursos se desarrollarán durante el mes de Julio en la piscina climatizada.
Más información en el teléfono **981 77 17 92**

Concello de Betanzos

Aquagest
XERENCIA NORTE

PIRAGÜISMO

# O Clube de piragüismo Ría de Betanzos pasa o ecuador da tempada con bos resultados

**REDACCIÓN/ Deportes**

O Clube Ría de Betanzos comezou a primeira fin de semana de maio acudindo á Copa de España de Pista sobre 500 metros, celebrada nas instalacións de Pontillón do Castro, en Verducido (Pontevedra). Nesta proba destacan as finais que acadaron Adrián Edreira e Iván Mosquera na C2 e na C4, acompañados por Bruno Bello e Pablo Veiga.

O día 8, o Ría de Betanzos despraxouse a Lugo co seu equipo de descensos para participar no Descenso do Miño. Alí, Sergio González e Luca Storup acadaron a 2ª posición na K2 cadete, Adrián Edreira a 3ª na C1 xuvenil, e José Rocha quedou 4º na C1 senior, a piques de acadar a terceira medalla para o clube.

A fin de semana do 22 volveron desprazarse ata Verducido, onde se celebrou a Copa de España sobre 200 metros, acadando o 14º posto por clubes, dun total de 70. Cómpre destacar entre outros, os resultados de Carlos Arévalo no K1 xuvenil, que foi 5º a menos de medio segundo da medalla; Adrián Edreira e Bruno Bello, 7º na C2 xuvenil e 4º na C4 xuvenil con Iván mosquera e Pablo Veiga; a k4 xuvenil con Carlos, Gabriel, Oswaldo e Luca foron 7º.

TAEKWONDO



Imaxe dos medallistas do Clube Kwon no Campionato Galego Infantil xunto ao adestrador Rubén Taboada

# O Clube Kwon obtén varias medallas nas últimas probas

**REDACCIÓN/ Deportes**

O Clube Kwon de Betanzos está a lograr bos resultados nos últimos campionatos da tempada. No Campionato Galego Infantil, Diego Rosón culminou unha excelente tempada logrando a medalla de Ouro, acompañada polo subcampionato galego de Iago Fernández, e os bronces de Joaquín Pérez, Antonio Vázquez e Rubén Torregrosa.

Días despois, no Campionato Galego Cadete, os betanceiros non tiveron sorte, e os catro participantes caeron en cuartos. Onde si houbo pleno de medallas foi na Copa Cidade da Coruña, na que os rapaces da categoría infantil do Kwon se empregaron a fondo para acadar dúas medallas de ouro (Iago Fernández e Luis Teijo), unha de prata (Samuel Salido), e unha de bronce (Joaquín Pérez).

Por outro, lado, o equipo de exhibición do Clube Kwon proclamouse subcampión provincial do Campionato Galego Escolar. O equipo de exhibición cadete do Kwon está formado por Alba López, María Blanco, Laura Centoira, Pablo Gómez, Jacobo Fiaño, Diego Rosón, Lisandro Tadeo, Luis Teijo, Pedro Vidal e Antonio Vázquez. Tras disputar a fase rexional, agora continuarán cos seus progresos logo de cumplir o obxectivo principal que era clasificarse para a fase rexional e, sobre todo, formar un equipo xove que continue a formarse e progresar nos próximos dous anos.

## Rubén Taboada, Subcampión de España Universitario

Rubén Taboada quedou ás portas do ouro no Campionato de España Universitario celebrado en Almería. Rubén partía como cabeza de serie e foi pasando roldas ata prantarse nas semifinais que, este ano si, logrou superar.

Taboada regresa cunha traballada medalla de prata e agora continuará coa súa laboura na Selección Galega Cadete, coa que acadou o primiero posto por equipos no competitivo Open de España de Alicante e no Open de Arrigorriaga (Biscaia).


Imaxe de grupo de varios dos competidores do Club Han's Horang-I de Bergondo

# O Clube Han's Horang-I colleita moi bos resultados nos últimos campionatos

**REDACCIÓN/ Deportes**

Os deportistas do Clube Han's Horang-I de Bergondo están a ter unha exitosa traxectoria no que vai de tempada. Nas últimas probas disputadas, varios dos rapaces e rapazas do clube obtiveron medallas.

Na fase provincial do Campionato Escolar de Técnica e Exhibición o clube participou con seis competidores dos que catro obtiveron medallas: Victor Delgado Lendoiro e Elia Galdo Maira conseguiron o ouro; Natalia Taibo Rodríguez, a prata e Paula Pérez Rey o bronce.

A proba disputouse en Boiro e a ela acudiron máis de 250 deportistas de toda a provincia. Ademais, na clasificación por equipos, o Clube Han's Horang-I quedou terceiro clasificado en técnica infantil.

Na fase autonómica deste campionato, que se celebrou o pasado 22 de maio en Sada, participaron catro alumnos do clube, dos cales Víctor Delgado Lendoiro conseguíu a medalla de ouro.

O clube tamén participou na V Copa Cidade da Coruña de Taekwondo infantil á que desprazaron cinco deportistas, dos cales catro lograron medalla: Vicente Laurentino Díaz del Nozal logrou o ouro; Antón Romero Bouzas e Elba Delgado Lendoiro, prata; e Andrés Guillín Casal obtivo o bronce. Cómpre subliñar que Antón Romero e Vicente Laurentino Díaz del Nozal competían na mesma categoría e igual peso polo que se tiveron que enfrontar na final. Se estivesen en distinta categoría, tal como foran inscritos, poderían ter acadado dous ouros.


## GUIA INMOBILIARIA (I)

### ASESORIA VALIÑO

(Tlfs. 981.79.25.60)

**BETANZOS.-** Se vende apartamento muy céntrico de una habitación. Muy poco uso. Amueblado. Muy soleado. Zona tranquila. 78.000 euros. (Ideal inversión: Alquilado por 300 euros )

**BETANZOS.-** Saavedra Meneses. Se vende piso. Salón, sala de estar, cocina, tres habitaciones, baño y aseo. Con plaza de garaje y trastero. 114.000 euros.

**BETANZOS.-** Rosalía de Castro. Se vende piso con ascensor, plaza de garaje y trastero. Dos habitaciones, salón, cocina, dos baños y terraza. 153.000 euros.

**BETANZOS-A XERPE.-** Nueva construcción. Casa de 170 m2, con finca de 500 m2. Salón, cocina, cuatro habitaciones y dos baños. 210.500 euros.

**BETANZOS.-** Se vende bajo en obra en Rua do Pozo, zona Fonte de Unta. 110 m2 útiles y patio interior de 86 m2. Ideal para negocio de hostelería. 90.000 euros.

**BETANZOS.-** Se vende finca de 412 m2 para construcción de vivienda unifamiliar, con licencia y proyecto de ejecución. A 1 km de Saavedra Meneses. 60.000 euros.

**BETANZOS_ROIBEIRA.-** Venta de finca para construcción de vivienda unifamiliar. 1.800 m2. 51.000 euros.

**OZA DOS RIOS.-** Centro. Casa de piedra rehabilitada de 245 m2, y solar urbano de 1.000 m2. 180.000 euros.

**CESURAS CENTRO Y CARRES.-** Venta de parcelas para construcción de viviendas unifamiliares. Desde 24.000 euros.

**ABEGONDO.-** Venta de vivienda unifamiliar de 280 m2, en parcela de 3.000m2. 270.500 euros.

**OZA DOS RIOS.-** Pisos nueva construcción. Varias promociones (en Fraisfrente al estanco, enfrente al Ayuntamiento, frente a la parada de taxis). De 2 y 3 habitaciones. Con ascensor, calefacción, plaza de garaje y trastero. Muy buenos precios.

**OZA DOS RIOS.-** Venta de vivienda unifamiliar con parcela de 1.000 m2 y piscina.280.000 euros.

**ABEGONDO-LIMIÑON.-** Se vende casa con parcela de 2.300 m2 de finca. 240.000 euros.

**OZA DOS RIOS.-** Se alquila piso a estrenar de tres habitaciones, garaje y trastero. 360 euros. Alquiler de otros pisos de distintas superficies y precios.

**OZA DOS RIOS.-** Alquiler de casas. Varios precios.

**OZA DOS RIOS-FORNELOS.-** Se vende casa grande de piedra, con parcela de 3.000 m2. 55.000 euros.

**OZA DOS RIOS-MANDAYO.-** Se vende casa de 225 m2. Bajo diáfano. Primer piso: Cocina, salón, tres habitaciones y baño.130.000 euros.

**OZA DOS RIOS.-** Se vende casa de 152 m2 útiles. Cocina, salón, tres habitaciones, tres baños, y garaje para dos coches. Finca de 820 m2. Muy buena situación. 240.000 euros.

**OZA DOS RIOS.-** Se vende plaza de garaje, en Castiñeiro ( al lado del bar Crecho ). 10.000 euros.

**OZA DOS RIOS-PARADA.-** Muy buena situación. Venta de vivienda unifamiliar de 300 m2. 210.000 euros.

### INMOBILIARIA MOAR

(Tlf. 981770025)

**VENTA O ALQUILER** CON OPCIÓN A COMPRA DE ISO EN CASCO ANTIGUO, PERFECTO ESTADO, POCO USO. 102 m2 VISTAS DESPEJADAS 2 DORMITORIOS 2 CUARTOS DE BAÑO SALÓN AMPLIO Y COCINA INDEPENDIENTE AMPLIA. DUCHA DE HIDROMASAJE. PLAZA DE GARAJE EN EL MISMO EDIFICIO Y ASCENSOR. REF.1474

**PISO** DE DOS DORMITORIOS EN C/SALVADOR CABEZA DE LEÓN CON PLAZA DE GARAJE, TRASTERO Y ASCENSOR. COCINA INDEPENDIENTE TOTALMENTE EQUIPADA MUY POCO USO. REF. 1472

**SE ALQUILA** PISO EN AVDA. JESÚS GARCÍA NAVEIRA ESQUINA CON PLAZA DO MESTRE JOSÉ DAPENA. TOTALMENTE EXTERIOR. MUY SOLEADO. 2 DORMITORIOS, ASCENSOR, PLAZA DE GARAJE Y TRASTERO. REF. 1464

**CASA** DE PIEDRA EN MIÑO PARA REFORMAR, 200 m2 DE VIVIENDA Y 500 m2 DE PARCELA. 124.000EUR. REF.1470

**CASCO ANTIGUO** APARTAMENTO A ESTRENAR DE 1 DORMITORIO CON ASCENSOR, ARMARIOS EMPOTRADOS, COCINA TOTALMENTE EQUIPADA CARPINTERÍA LACADA. REF.21-1

**CASCO ANTIGUO** DÚPLEX A ESTRENAR DE 2 DORMITORIOS Y ESTUDIO, 2 CUARTOS DE BAÑO. 2 TERRAZAS CON ESTUPENDAS VISTAS. ASCENSOR, ARMARIOS EMPOTRADOS, COCINA TOTALMENTE EQUIPADA CARPINTERÍA LACADA. REF.21-3

**BETANZOS.** ÁTICO A ESTRENAR. 92m2 2 TERRAZAS. BUENAS VISTAS. 3 DORMITORIOS, 2 CUARTOS DE BAÑO. A. EMPOTRADOS. CALEFACCIÓN. COCINA EQUIPADA. GARAJE. TRASTERO. 195.328EUR. REF. 869

**CORTIÑAN.** CHALET INDEPENDIENTE EN PLANTA BAJA DE 200 m2. A ESTRENAR, SALÓN 50M2, 4 DORMITORIOS, 3 CUARTOS DE BAÑO, 1 ASEO, HALOGENOS, ACABADOS 1ª, PARCELA DE 1.800 m2. 321.541EUR. REF. 922

**PASEO DE LA GALERA** SE VENDE PLAZA DE GARAJE Y TRASTERO REF. 1283

**CASCO ANTIGUO** OBRA NUEVA, PISO DÚPLEX A ESTRENAR DE 3 DORMITORIOS 2 CUANTOS DE BAÑO Y ASEO. EXCELENTES CALIDADES CON JARDÍN REF. 25-a1

**CASCO ANTIGUO** A ESTRENAR ESTUDIO EN BAJO CUBIERTA CON ASCENSOR, COCINA TOTALMENTE EQUIPADA 2 CUARTOS DE BAÑO. 400 EUR. REF.1179

**CORTIÑAN** CASA EN PLANTA BAJA CON 5 DORMITORIOS 3 CUARTOS DE BAÑO, 190m2 Y PARCELA DE 1.350m2. MUY BIEN SITUADA, 260.000 EUR. REF. 1300

**BETANZOS** SE VENDE MOLINO REHABILITADO CON 6000m2 DE PARCELA 300m2 DE VIVIENDA. REF. 1070

**CASCO ANTIGUO** LOCAL COMERCIAL EN VENTA DE 60 m2 EN OBRA NUEVA, IDEAL PARA DESPACHO. 102.000 REF. 21-bajo1

**BETANZOS** PISO EN OBRA NUEVA DE 96m2 3 DORMITORIOS Y 2 CUARTOS DE BAÑO. ASCENSOR, GARAJE, TRASTERO, ASPIRACIÓN CENTRALIZADA. EXCELENTES ACABADOS. TOTALMENTE EXTERIOR 120.000 EUR. REF. 7-b33c1

**CASA** PARA ENTRAR A VIVIR EN MONTESALGUEIRO 300 m2 DE VIVIENDA Y 900 m2 DE PARCELA 3 DORMITORIOS Y 3 CUARTOS DE BAÑO. 216.000 EUR. REF. 1468

**PISOS** EN BETANZOS DE PROTECCIÓN OFICIAL DE 2 Y 3 DORMITORIOS CON PLAZA DE GARAJE Y TRASTERO.

**SE ALQUILA** ATICO EN PROLONGACIÓN DE ROSALIA DE CASTRO DE 2 DORMITORIOS 2 CUARTOS DE BAÑO COCINA INDEPENDIENTE Y SALÓN AMPLIO. CON TRASTERO Y COMPLETAMENTE AMUEBLADO. 400 EUR. / MES REF. 1491.

**SE VENDE** CHALET DE RECIENTE CONSTRUCCIÓN EN COIROS CONSTA DE TRES ALTURAS EN SOTANO GARAJE DE 84 m2. PLOANTA BAJA DE 225 m2 CON SALÓN COMEDOR DE 90 m2. 2 DORMITORIOS Y 2 BAÑOS. PLANTA ALTA CON ESTUDIO 2 DORMITORIOS Y 2 BAÑOS. PARCELA TOTALMENTE CERRADA. 280.000 EUR. REF. 1481

**SE VENDE** EN FONTAN - SADA PISO DE 2 DORMITORIOS 1 BAÑO TERRAZA CON VISTAS AL MAR, PLAZA DE GARAJE Y TRASTERO 110.000 EUR. REF.1479

### PROMOCIONES CADAVEIRA

(Tlfs. 981770352 639747434)

***VENTA CASAS:***

**MONTECELO** casa 181 m2 y terreno de 2 ferrados. 175.000 eur.

**GAS** casa para restaurar, 2 plantas. 400m2+terreno.180.000 eur.

**LOIBOS (Paderne)** superficie 502 m2+200m2 terreno (reformar). 150.000 eur.

**CASA** con industria debajo (panadería) en Escañoi, 14 IRIXOA. 1200 m2 de terreno+ 230 m de vivienda. 75.00 eur.

**CASA PIEDRA** con terreno anexo de 900m2+hórreo y cochera. (Lavandeira)

**CASA** Casco antiguo Betanzos de 2 plantas + ático. 50 m2p/p. 48.000 (Carlos Doldán)

**CASA** en Guiliade con terreno 1.300 m2 por 120.000 eur.

**CHALET** nuevos en Coirós con terreno de 270 m2=1.000m2=300.000 eur.

***PISOS***

**APARTAMENTO** 2 habit., 1 baño, cocina, salón, ascensor, garaje, calefacción. Muy céntrico (todo exterior)

**APARTAMENTO** nuevo 2 habit., 2 baños, cocina amueblada, salón, ascensro, calefacción, tendedero y garaje. 160.000 eur. (85m2)

**PISO**, de 4 habit., 2 baños, cocina, salón, salita, terraza, calefacción, ascensor, muy céntrico. 180.000 eur(120m2).

**PISO** de 3 habitaciones, 2 baños, cocina, salón, ascensor, calefacción, trastero, garaje. 2 años antiguedad. Zona supermercados. 165.000 eur. (65m2)

**APARTAMENTO** 2 habit., 2 baños, cocina, salón, ascensor, calefac., trast.+garaje. 3 años antiguedad. Zona Las Cascas. 138.000 (65 m2)

**PISO** 3 habit., 2 baños, cocina, salón, ascensor, garaje/trastero, armario empotrado. Todo exterior y muy soleado. Zona Rosalía de Castro. 180.000 eur. (100 m2).

**PISO** 3 habit., 2 baños, cocina, salón, ascensor, calefac., garaje, trastero. 1 año antigu. opción alquiler/compra 143.000 eur.

**ATICO** 3 habit., 2 baños, cocina, salón, garaje+trastero, ascensor, calefacción.Opción compra/alquiler. 150.000 eur(160 m2)(nuevos zona Mandeo).

**Información e prezos válidos agás erro tipográfico**

PESCA



Jesús Fraga amosa o trofeo de Campión Provincial recentemente conseguido / ARUME

## Jesús Fraga gaña o Campionato Provincial de Salmónidos lance de troita

REDACCIÓN / Betanzos

O betanceiro Jesús Fraga acaba de converterse en Campión Provincial de Salmónidos lance de troita. Esta é a cuarta vez que consegue facerse co primeiro posto deste Campionato. Xa fora campión provincial nos anos 2003, 2005 e 2006. No mesmo campionato foi terceiro en varias ocasións.

No ano 2008 foi Campión Galego e participou tamén no Campionato de España. Recentemente volveu facerse cun trunfo ao gañar a competición entre os socios do clube co que compite, a Sociedad La Salmo de A Coruña. Este novo trunfo outórgalle a clasificación para o Provincial do ano próximo.

GOLF



## O betanceiro Manuel Candamio proclámase subcampión de España

REDACCIÓN / Betanzos

O betanceiro Manuel Candamio García, do RAC Santiago, ven de obter o título de Subcampión de España Individual de 3ª Categoría, no Campionato Senior celebrado a principios de maio. Candamio, obtivo o segundo posto da clasificación con 291 golpes (94-99-98).

EQUITACIÓN

# Sara Edreira, unha campiona de sete anos



Sara Edreira nunha das competicións nas que leva participado

REDACCIÓN / Deportes

Sara Edreira ten tan so sete anos e fai ano e medio que comezou a montar a cabalo. Aos seis meses de empezar as clases xa comezou a competir. A súa calidade e destreza fan dela unha auténtica campiona.

Esta pequena betanceira lidera a Liga do Trofeo Caixa Galicia na categoría de Ponis A e é a nena máis nova da Federación Galega de Hípica concursando en 0,80. "O habitual é que os pequenos empecen a competir en xinkana con oito anos, según nos explicaron", comentou súa nai, pero Sara xa comezou a competición con seis anos.

Sara vive para este deporte, cando se ergue pola mañá faino coa ilusión de ir a montar e agarda impaciente a hora do adestramento na Finca Regueiral de Velouzás, onde se iniciou nesta disciplina logo de "convencer" aos seus pais para que vencesen o "medo" e a deixasen montar a cabalo, a súa gran ilusión: "dende moi pequeniña quería montar a cabalo pero nós tiñamos un pouco de medo, pero ao final, vendo toda a ilusión que ela tiña, aceptamos", conta súa nai.

Sara é incansable, "ten botado ata cinco horas montada a cabalo", comenta súa nai. Comezou adestrando unha hora á semana e agora adestra os martes, mércores, xoves e venres durante unha hora cada día. Agora, ten pendentes dúas probas en setembro e outubro.

### [ Orgullosos ]

Sara está moi agradecida aos seus profesores de O Regueiral, Mónica Cadilla Novo e Victor Pantín, xa que non so lle ensinaron o que sabe, senón que lle aportan unha grande seguridade á hora de competir.

E os seus profesores, ao igual que seus pais, como non podía ser doutro xeito están moi orgullosos desta pequena á que pouco ou nada lle asusta a competición: "o máis difícil é cando vas saltar alto porque o cabalo impulsa máis e ás veces as voltas tamén son complicadas porque ao mellor o cabalo quere irse polo medio da pista", di.

Ten un potro que se chama Greta e monta tamén un poni, Pulgarcita, do fillo da súa mestra. Montar o poni é difícil, según explica a propia Sara, "porque da moitas couces e ás veces intenta tirarnos", di.

Sara non é nada orgullosa, para ela gañar unha proba, liderar a competición na que está inmersa, son motivo de satisfacción, pero para ela non é nada máis que facer o que lle gusta: "non alardea nunca dos logros, para ela é algo do máis normal", explica súa nai.

A Sara, a paixón pola hípica xa lle ven de familia. Súa irmá Andrea de 15 anos compite en 1m. e 1,10 m. tamén con moito éxito.

DEPORTE COMARCAL



Un momento do Torneo de fútbol sala base celebrado en Bemantes

# Un centenar de rapaces compiten no II Torneo de Fútbol Sala Base do Bemantes C.F.

REDACCIÓN / Deportes

Ao redor dun centenar de rapaces de entre cinco e nove anos se deron cita no II Torneo de Fútbol sala base organizado polo Bemantes C.F. que se celebrou o pasado 5 de maio. Participaron os equipos do Troula, Colexio Vales Villamarín, Concello de Paderne, Concellos de Monfero e Irixoa e Concello de Miño. En Pre-benxamín, venceu na final o equipo dos Concellos de Monfero e Irixoa que se impuxeron ao Colexio Vales Villamarín por 4-2. En benxamín gañou a final o Concello de Miño que venceu ao equipo de Paderne por 2-1.

O Bemantes C.F. agradece a colaboración da Asociación de Veciños A Irmandade e do Concello de Miño que apoiaron a celebración deste evento deportivo.



Imaxe de grupo do equipo infantil do EMD Curtis, subcampión provincial

# O equipo infantil do EMD Curtis proclamouse subcampión provincial

REDACCIÓN / Deportes

O pasado 8 de maio o equipo infantil do EDM Curtis proclamouse subcampión provincial de fútbol na súa categoría. No torneo enfrontouse aos equipos gañadores do campionato intercomarcal de Noia, Santiago e A Coruña.

O conxunto de Curtis gañou ao SD Esteirana, campión da zona de Noia, despois dun empate en partido, eliminouno en rolda de penaltis e clasificouse para xogar a final.

O Hércules A, campión da zona de A Coruña, proclamouse campión do torneo, quedando o EDM Curtis Infantil como subcampión.

Os encontros celebráronse no Pavillón Deportivo de A Sardiñeira, en A Coruña.

## PESCA



Jesús Fraga amosa o trofeo de Campión Provincial recentemente conseguido / ARUME

# Jesús Fraga gaña o Campionato Provincial de Salmónidos lance de troita

**REDACCIÓN / Betanzos**

O betanceiro Jesús Fraga acaba de converterse en Campión Provincial de Salmónidos lance de troita. Esta é a cuarta vez que consegue facerse co primeiro posto deste Campionato. Xa fora campión provincial nos anos 2003, 2005 e 2006. No mesmo campionato foi terceiro en varias ocasións.

No ano 2008 foi Campión Galego e participou tamén no Campionato de España. Recentemente volveu facerse cun trunfo ao gañar a competición entre os socios do clube co que compite, a Sociedad La Salmo de A Coruña. Este novo trunfo outórgalle a clasificación para o Provincial do ano próximo.

## GOLF



# O betanceiro Manuel Candamio proclámase subcampión de España

**REDACCIÓN / Betanzos**

O betanceiro Manuel Candamio García, do RAC Santiago, ven de obter o título de Subcampión de España Individual de 3ª Categoría, no Campionato Senior celebrado a principios de maio. Candamio, obtivo o segundo posto da clasificación con 291 golpes (94-99-98).

## EQUITACIÓN

# Sara Edreira, unha campiona de sete anos



Sara Edreira nunha das competicións nas que leva participado

**REDACCIÓN / Deportes**

Sara Edreira ten tan so sete anos e fai ano e medio que comezou a montar a cabalo. Aos seis meses de empezar as clases xa comezou a competir. A súa calidade e destreza fan dela unha auténtica campiona.

Esta pequena betanceira lidera a Liga do Trofeo Caixa Galicia na categoría de Ponis A e é a nena máis nova da Federación Galega de Hípica concursando en 0,80. "O habitual é que os pequenos empecen a competir en xinkana con oito anos, según nos explicaron", comentou súa nai, pero Sara xa comezou a competición con seis anos.

Sara vive para este deporte, cando se ergue pola mañá faino coa ilusión de ir a montar e agarda impaciente a hora do adestramento na Finca Regueiral de Velouzás, onde se iniciou nesta disciplina logo de "convencer" aos seus pais para que vencesen o "medo" e a deixasen montar a cabalo, a súa gran ilusión: "dende moi pequeniña quería montar a cabalo pero nós tiñamos un pouco de medo, pero ao final, vendo toda a ilusión que ela tiña, aceptamos", conta súa nai.

Sara é incansable, "ten botado ata cinco horas montada a cabalo", comenta súa nai. Comezou adestrando unha hora á semana e agora adestra os martes, mércores, xoves e venres durante unha hora cada día. Agora, ten pendentes dúas probas en setembro e outubro.

### [ Orgullosos ]

Sara está moi agradecida aos seus profesores de O Regueiral, Mónica Cadilla Novo e Victor Pantín, xa que non so lle ensinaron o que sabe, senón que lle aportan unha grande seguridade á hora de competir.

E os seus profesores, ao igual que seus pais, como non podía ser doutro xeito están moi orgullosos desta pequena á que pouco ou nada lle asusta a competición: "o máis difícil é cando vas saltar alto porque o cabalo impulsa máis e ás veces as voltas tamén son complicadas porque ao mellor o cabalo quere irse polo medio da pista", di.

Ten un potro que se chama Greta e monta tamén un poni, Pulgarcita, do fillo da súa mestra. Montar o poni é difícil, según explica a propia Sara, "porque da moitas couces e ás veces intenta tirarnos", di.

Sara non é nada orgullosa, para ela gañar unha proba, liderar a competición na que está inmersa, son motivo de satisfacción, pero para ela non é nada máis que facer o que lle gusta: "non alardea nunca dos logros, para ela é algo do máis normal", explica súa nai.

A Sara, a paixón pola hípica xa lle ven de familia. Súa irmá Andrea de 15 anos compite en 1m. e 1,10 m. tamén con moito éxito.

## DEPORTE COMARCAL



Un momento do Torneo de fútbol sala base celebrado en Bemantes

# Un centenar de rapaces compiten no II Torneo de Fútbol Sala Base do Bemantes C.F.

**REDACCIÓN / Deportes**

Ao redor dun centenar de rapaces de entre cinco e nove anos se deron cita no II Torneo de Fútbol sala base organizado polo Bemantes C.F. que se celebrou o pasado 5 de maio. Participaron os equipos do Troula, Colexio Vales Villamarín, Concello de Paderne, Concellos de Monfero e Irixoa e Concello de Miño. En Pre-benxamín, venceu na final o equipo dos Concellos de Monfero e Irixoa que se impuxeron ao Colexio Vales Villamarín por 4-2. En benxamín gañou a final o Concello de Miño que venceu ao equipo de Paderne por 2-1.

O Bemantes C.F. agradece a colaboración da Asociación de Veciños A Irmandade e do Concello de Miño que apoiaron a celebración deste evento deportivo.



Imaxe de grupo do equipo infantil do EMD Curtis, subcampión provincial

# O equipo infantil do EMD Curtis proclamouse subcampión provincial

**REDACCIÓN / Deportes**

O pasado 8 de maio o equipo infantil do EDM Curtis proclamouse subcampión provincial de fútbol na súa categoría. No torneo enfrontouse aos equipos gañadores do campionato intercomarcal de Noia, Santiago e A Coruña.

O conxunto de Curtis gañou ao SD Esteirana, campión da zona de Noia, despois dun empate en partido, eliminouno en rolda de penaltis e clasificouse para xogar a final.

O Hércules A, campión da zona de A Coruña, proclamouse campión do torneo, quedando o EDM Curtis Infantil como subcampión.

Os encontros celebráronse no Pavillón Deportivo de A Sardiñeira, en A Coruña.

# Cara onde vai a Feira Medieval?

[ ASOCIACIÓN LAR DE UNTA]

O motivo do presente artigo é abrir unha reflexión que nos leve a un debate aberto, construtivo e clarificador, no que participen os diferentes sectores betanceiros que se implican ano tras ano na feira medieval: asociacións culturais, hosteleiros, comisión da feira, etc. Cómpre amosar o que se pensa sen arrodeos sobre o camiño que está a tomar a nosa feira, que, por outra banda, moitos pensamos que se atopa en claro declive.

A Asociación Lar de Unta, participante activa na feira dende a súa primeira edición, cre que é hora de mudar e aportar novas ideas, somos conscientes que o ambiente de pasadas feiras está en franca decadencia, menos xente betanceira vestida de época, que se a crise, que se chove, etc. Poderiamos apuntar unha serie de factores a mellorar.

No tema das mercadorías: hai artigos que se venden que non cadran en absoluto coa recreación dunha feira medieval, é necesario un regulamento sobre o que se vende: as pizzas ultraconxeladas non semellan ser moi medievais, hai que coidar a galería, se queremos ter unha feira medieval decente ou convertela nun feirón semanal. Controlar tamén as xarras de barro, moitos postos de bebida dan directamente o líquido en plástico no canto do barro, din que é porque se quedaron sen louza xa o venres... non ten sentido ningún agochar os colectores con sacos e logo á mínima dar renda solta ao macrobotellón.

No que se refire aos decorados, lembremos o hórreo instalado no Azougue o ano pasado, lamentable erro correxido neste ano, de todos xeitos, un pouco máis de palla polas rúas non ficaba mal.

Retirar os compresores, valados e demáis parafernalia das eternas obras do casco vello axudaría outro pouco. No tocante á intendencia eléctrica dos postos gastronómicos, bombonas de butano, etc. hai que ter coidado e que non apareza o microondas en pleno esplendor, lembremos que estamos no século XIV e hai sacos para agochalos.

No que son os actos poderiamos probar novos eventos e representacións; as revoltas irmandiñas dan moito xogo e Betanzos foi o berce do movemento, hai que innovar ou morrer. Tamén organizar actos simultáneos en diferentes lugares da vila, o Torneo concentra a meirande parte dos visitantes no Campo mentres o casco vello se baleira, non se podería queimar a bruxa ao mesmo tempo que se fai o Torneo?

E xa para rematar, falar dos feirantes, son os peóns da feira e os que ano tras ano coa súa participación activa ambientan as rúas do casco vello. Pero como en todo, hai feirantes e hai moinantes: na puxa dos postos cómpre desterrar "o vale todo se pos os cartos por diante", un coñecido empresario monopolizou a feira nesta edición. Non ten o Concello medios para evitalo? Que aporta este individuo na feira? produtos elaborados industrialmente e conservantes a esgalla. Nesto queremos que se converta a feira? Xa se lle deberon cortar as ás moito antes. Aínda que todos nós participamos no espíritu da Feira Franca Medieval, hai algún paxaro aínda nostálxico dos tempos da servidume medieval.

Por hoxe damos por rematado o conto e que outros entren ao trapo, que fervan as testas e a ver que sae.

*"Betanzos e a súa comarca" non se responsabiliza das opinións manifestadas nas seccións de Opinión do periódico.*

# Buzón do lector

## La Iglesia

Con motivo del día de la Iglesia Diocesana, el Arzobispado de Santiago envió a todas las parroquias un pequeño resumen de sus actividades que es bueno que conozcamos, ya que todos los bautizados formamos la Iglesia.

Hay 570 Sacerdotes Diocesanos, 1400 religiosos y religiosas, voluntarios seglares al servicio del Pueblo de Dios.

La atención a los más necesitados se realiza a través de:

-Cáritas Diocesana

-Cocinas económicas de Santiago, La Coruña, Pontevedra

-C. Sor Eusebia

-R. Padre Rubinos

-La obra de la Señora

-El Refugio

Y muchos otros centros dedicados a las personas sin techo o en riesgo de exclusión social.

Todo lo publicado estos días pasados en los medios de comunicación social resaltan la mala actuación de algunos eclesiásticos, pero nunca dedican una sola línea a toda la labor callada y socialmente irremplazable de los verdaderos católicos que pasan gran parte de su vida dedicados a estas tareas asistenciales.

**Rosa Pérez Téllez**

## El albergue

El 24 de abril la parroquia de Betanzos también con muchos otros fue a Santiago. Es el Año Santo, muy importante y del que todo el mundo habla. Muchísima gente quiere hacer el camino, se esperan millones de peregrinos. Sería muy bueno si Betanzos también se implica y deja abierto tan pronto como sea posible el albergue. Así los peregrinos que hacen el camino inglés pueden encontrar un sitio para dormir y donde poder cuñar las credenciales.

**Úrsula López**

